Os concellos do Val Miñor veñen reclamando desde hai anos liberar a peaxe desta autoestrada, ao constituír unhas infraestruturas vitais para a súa veciñanza, coas avantaxes sociais e económicas que se derivarían desta acción, tales como o desconxestionamento e seguridade no tráfico ou o aumento da competitividade empresarial.

Tal medida contribuiría a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non impoñen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da comunidade autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...) .

A propia *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *“nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou **anular** o pagamento directo pola persoa usuaria”*.



Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno, o que fará que teña uns efectos practicamente inapreciables e mínimos, descartables para a maioría das persoas usuarias.

Os tres alcaldes do Val Miñor, xunto co Grupo Parlamentario Socialista, reclamamos ó Goberno autonómico deixar libre de peaxes a AG-57 para convertelo na auténtica circunvalación dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona. Esta é unha vella reclamación da veciñanza e representantes políticos do Val Miñor. O Goberno autonómico é o propietario da autoestrada do Val Miñor e os tres alcaldes coinciden en eliminar a peaxe da autoestrada AG-57.

O alcalde de Nigrán o 29 de xaneiro de 2018 enviou unha carta á Xunta de Galicia e presentou unha moción ao pleno a finais de febreiro dese ano para que todos os grupos da Corporación apoiaran a eliminación da peaxe. "Somos os grandes esquecidos; En varios sitios remataron coa peaxe, pero a Xunta de Galicia non considera esta cuestión para o Val Miñor; é un delito comparativo", dixo no ano 2018.

O alcalde de Gondomar en febreiro do ano 2018, nunha reunión co delegado territorial da Xunta de Galicia xa reivindicara liberar a autovía AG-57 a Vigo da peaxe e convertela nunha gran circunvalación da comarca. Este tema levouse a pleno en diferentes ocasións no Concello de Gondomar.

O alcalde de Baiona en maio de 2020 esixiu á Xunta de Galicia que a autoestrada AG-57 sexa gratis e declarou: “sería unha media que serviría como elemento dinámico do turismo de proximidade, da que depende en gran medida a recuperación económica dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, no prazo máis inmediato. Tamén contribuiría a evitar, en boa medida, as longas retencións nas estradas tradicionais”.

A autoestrada AG-57 é a vía que une de xeito máis rápido e directo o Val Miñor con servizos básicos como o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares. Ir ao médico ou estudar non pode significar para a veciñanza do Val Miñor un plus de desembolso con respecto a outras áreas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-57 de Puxeiros – Val Miñor.
2. Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

Pazo do Parlamento, 5 de marzo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/03/2021 14:00:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2021 14:00:45

Patricia Otero Rodríguez na data 05/03/2021 14:00:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/03/2021 14:01:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda sobre a compensación ao sector marisqueiro durante as obras de dragaxe na Ría do Burgo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa hai catro meses que se asinou unha nova declaración polo conxunto dos integrantes da Mesa da Ría do Burgo: Concellos da Coruña, Cambre e Culleredo, o Reitor da UDC, representantes da Plataforma en defensa da Ría do Burgo e a Confraría, na que se solicitaba, entre outras, a publicación inmediata no BOE xunto coas medidas compensatorias pola situación de parada extractiva dos profesionais que viven do marisqueo. A día de hoxe, si se publicou a licitación do dragado o día 12/01/2021 máis seguen sen dar solución ás compensacións económicas.

Como xa ten manifestado a Confraría de Pescadores e a Mesa da Ría, é imprescindible que antes do inicio das obras se teña acordado entre as administracións galega e española as compensacións para o marisqueo a flote e a pé.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto de “Dragaxe medioambiental dos sedimentos da ría do Burgo”, que ten unha previsión de que as obras duren entre 21 e 26 meses, non cuantifica as medidas compensatorias económicas que percibirán os mariscadores nin a Confraría de Pescadores da Coruña, que garanta os aspectos que a continuación citamos en base aos estudos realizados pola citada Confraría de Pescadores.

Respecto aos MARISCADORES A PÉ, no Plan de xestión que a Confraría presenta para o ano 2021, 2022 e 2023, figuran 49, polo que propoñen que no tempo de duración das obras, realizarán quendas de gardas de vixilancia co fin de evitar a acción dos furtivos e tamén estas terían como función controlar os posibles efectos dos vertidos producidos polas obras nas zonas onde non se vai realizar a dragaxe.

Os mariscadores a pé son traballadores/as autónomos incluídos no ISM e a súa base de cotización mensual é de 1.425,00 €; tendo en conta que os días de traballo anuais que figuran en dito plan ascende a 145 días (entre os dous plans de xestión que teñen autorizados), propoñen que a compensación mensual que perciban pola realización dos traballos de vixilancia sexa de 1.416,00 €, tendo en conta que o custe mensual do pago da seguridade social ascende a 241,00 €, polo que quedaría a cantidade de 1.175,00 € ao mes.

Respecto aos MARISCADORES A FLOTE, no Plan de xestión que a Confraría presenta para os anos 2021, 2022 e 2023, figuran 29 embarcacións cun só tripulante a bordo; propoñen que durante o tempo das obras, realicen quendas de gardas de vixilancia desde as súas embarcacións co fin de evitar a acción dos furtivos e dos posibles vertidos que se poidan producir polas obras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os mariscadores a flote teñen 235 días autorizados cada ano para a extracción de marisco (entre os tres plans de xestión que teñen autorizados), o que fai que poidan mariscar practicamente 20 días ao mes; tendo en conta que teñen uns gastos mensuais, ademais da seguridade social que ascende a 262,68 €, de mantemento da embarcación e combustible que ascende a uns 150,00 € ao mes, propoñen que a compensación mensual que perciban pola realización dos traballos de vixilancia sexa de 2.000,00€, que, restando os gastos antes citados, quedaría a cantidade de 1.587,32 €

Respecto á Confraría, que é a titular do punto de control e pesaxe de todo o marisco que extraen a totalidade dos mariscadores, e que percibe pola venda deste marisco unha comisión en concepto de recargo ao cliente que pagan os compradores do marisco e que ascende ao 10% do total das vendas, habería que cuantificar as perdas que poida ter e o xeito de compensalas.

O pasado día 18 de febreiro tivo lugar unha xuntanza entre a Ministra Teresa Rivera e o Presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, na que, segundo transcendeu a través dos medios de comunicación, se falou da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, pero en ningún momento se menciona nada sobre a paralización económica que terá a actividade marisqueira, nin tampouco de como resolver as peticións da mesa da ría e das agrupacións de marisqueo, ignorando o futuro económico de moitas familias e do posíbel peche dunha entidade histórica na cidade como é a Confraría de Pescadores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a promover con urxencia as reunións necesarias entre as administracións implicadas, e antes da adxudicación e inicio das obras, para acordar as compensacións para o marisqueo a pé (1.416 euros mensuais por mariscador/a), a flote (2.000 euros mensuais por cada unha) e Confraría de Pescadores da Coruña (na cuantificación resultante dos parámetros expostos na exposición de motivos), como consecuencia da paralización económica da actividade marisqueira derivada das obras previstas na Ría do Burgo.

Asemade, insta a Xunta a comprometerse para que estas compensacións se manteñan mentres non se garantan as condicións óptimas para a práctica do marisqueo con total normalidade.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/03/2021 10:29:21

Rosana Pérez Fernández na data 06/03/2021 10:29:24

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2021 10:29:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común

- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da píllara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode chegar a supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Presentar no parlamento no presente ano 2021 dun informe de avaliación e resultados dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas actualmente en vigor: sapoconcho común, escribenta das canaveiras e píllara das dunas.

2. Aprobar no prazo de tres meses a revisión do plan de conservación do oso pardo.

2. Aprobar os plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que aínda non contan con este instrumento de xestión, comezando por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aqueles plans que xa foron adxudicados e someténdoos á necesaria revisión dado o tempo transcorrido desde a súa realización.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 08/03/2021 12:46:15

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2021 12:46:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a conservación e rehabilitación do espazo de valor cultura e etnográfico na Aira da Uxeira en Loiro (Barbadás).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 varios veciños e veciñas da localidade de Loiro (Barbadás) cederon ao Concello de Barbadás a propiedade de diversos canastros centenarios, a fin de que pola entidade local se procedese á rehabilitación dos mesmos e a realización dunha actuación integral no espazo denominado Aira da Uxeira, para o acondicionamento e aproveitamento público dun lugar de grande valor cultural e etnográfico. A xenerosidade veciñal procuraba a valoración da historia a través da conservación do patrimonio o que permitirá coñecer o xeito de vida e traballo da Galiza dos séculos pasados.

Ao fin exposto no ano 2018 na concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Barbadás elaborouse un proxecto para a rehabilitación da Aira da Uxeira que foi, como é preceptivo, trasladado á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza a fin de que autorizase a súa execución. Tras realizar as modificacións pertinentes para dar cumprimento ás instrucións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suxestións ordenadas dende a Xunta de Galiza a finais do ano 2018 o Concello de Barbadás inicia o procedemento aberto, simplificado e sumario, para a adxudicación da obra do Proxecto de Rehabilitación da Aira da Uxeira en Loiro.

O contrato de obra tiña por finalidade a recuperación, mediante a súa rehabilitación integral, do espazo da Aira da Uxeira, que conta cunha aira e un conxunto de canastros que representan un exemplo extraordinario da cultura popular e arquitectónica galega, e por iso o seu singular valor etnográfico e cultural, e xa que logo a necesidade de axustarse nas obras ao proxecto aprobado pola consellería de cultura consonte ás instrución do servizo de patrimonio da Xunta de Galiza.

No ano 2019 tivo lugar tanto a adxudicación do contrato, como a execución do mesmo, sendo palmario que a obra executada non se corresponde ao proxecto aprobado e previamente autorizado polo servizo de patrimonio da Xunta de Galiza. A modo de exemplo as vigas da base son dúas madeiras unidas no canto de ser dunha única peza, os espazos entre as táboas son dunha separación tal que non permitiría ao canastro cumprir a finalidade á que se destinaban ou mesmo a morfoloxía e tipoloxía dos canastros son diferentes ás orixinais das construcións a rehabilitar. A calidade dos materiais empregados tampouco é a acaída, existindo fendas nas vigas que suxeitan a estrutura da construción ou táboas que, apenas uns meses após do remate da rehabilitación, xa están levantadas. Xa que logo de non procederse a corrección do actuado se estaría a comprometer gravemente o futuro dos centenarios canastros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares dos requirimentos e denuncias presentadas ante o Concello de Barbadas ou á Xunta de Galiza, realizadas tanto polo grupo municipal do BNG de Barbadas, ou a disconformidade expresada por distintas asociacións culturais ou mesmo por cedentes de canastros; non consta actuación algunha para a protección e conservación do patrimonio cultural posto en perigo, nin de certificación da correcta execución da obra pública contratada.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a inmediata verificación da correcta execución da obra de rehabilitación da Aira da Uxeira en Loiro (Barbadás), nomeadamente nos canastros centenarios existentes, e que a mesma correspóndese co autorizado no seu día.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/03/2021 13:09:34

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2021 13:10:17

Mercedes Queixas Zas na data 08/03/2021 13:10:36

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2021 13:10:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suído.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A serra representa unha mesma unidade etnográfica, composta por toda a rede de construcións gandeiras estacionais da Serra do Suído e Alto Tea. Os chozos ou chozas, sesteiros, curralas e cortellos ou parideiras atópanse diseminados de tal modo que se insiren na paisaxe beneficiándose das súas características ambientais e orográficas, para se asentar ora nas pequenas valgadas e chans, para aproveitaren os seus pastos, ora nos cumes ou cotos para aproveitaren a tendencia espontánea do gando para sestear neles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas construcións facíanse mediante a técnica da “pedra seca” ou “cachotería en seco”, unha técnica de construción tradicional que foi incluída na listaxe do patrimonio inmaterial da UNESCO no ano 2018.

Empregáronse até a segunda metade do século XX para o pastoreo do gando na estación estival. Organizábase mediante un sistema de rolda, na que participaba de xeito rotatorio a veciñanza dos lugares aos que pertencía cada chozo.

A paisaxe da serra do Suído foi recoñecida como Paisaxe Cultural polo Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE) e incluída no Plan de Paisaxes Culturais na categoría de “Actividades agrícolas, gandeiras e forestais” nas que se inclúen os “sistemas agro-silvo-pastorís históricos”.

Ademais dos conxuntos etnográficos relacionados coa actividade gandeira, na serra teñen unha importante representación os foxos ou “forças” do lobo, construcións de grandes dimensións situadas nas valgadas e formadas por valados en forma de V que converxen nun pozo (foxo) a onde se conducía o lobo en batidas colectivas. No Suído e Alto Tea existen 6 foxos do lobo, o máis espectacular dos cales é o Foxo da Portela, no Coto de Eiras.

Outras das manifestacións senlleiras do Suído son os camiños tradicionais, pola situación estratéxica do Suído como lugar de paso entre importantes comarcas do país. Cabe sinalar a este respecto o Camiño dos Arrieiros, que comunica O Ribeiro con Pontevedra, o Camiño Breiro que ía cara Aciveiro e Compostela; o camiño da Brea que comunicaba a reitoral de Barcia de Mera co Mosteiro de Melón; e a Calzada do Alén, un camiño empedrado que vai pola marxe dereita do río Alén desde a Ponte de San Xoán do Mosteiro até o concello de Fornelos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Recabar os informes e estudos pertinentes e incoar o expediente de declaración do patrimonio etnográfico gandeiro da serra do Suído e Alto Tea como Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural.

2. Desenvolver un plan de conservación, restauración e promoción do patrimonio cultural material e inmaterial da serra do Suído, en colaboración coas deputacións provinciais de Ourense e Pontevedra e dos concellos de Avión, Beariz, Fornelos de Montes, A Lama, Mondariz e Covelo.

3. Promover a recuperación e dinamización dos camiños históricos que atravesan a serra do Suído.

4. Promover un proceso de participación social na protección, conservación e promoción do patrimonio cultural da serra do Suído.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2021 13:49:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/03/2021 13:49:26

Mercedes Queixas Zas na data 08/03/2021 13:49:33



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Concello de Cerdedo-Cotobade, situado na provincia de Pontevedra, nace como entidade administrativa única froito do Decreto 134/2016, do 22 de setembro, da Xunta de Galicia polo que se aproba a fusión.

Resultado disto na actualidade, atopámonos cun dos concellos con maior dispersión territorial do noso país cunha extensión de 215,10 quilómetros cadrados, distribuídos ao longo de 21 parroquias, e unha poboación total de aproximadamente 6.200 habitantes.

Este concello conta con 3 centros sanitarios:

- Centro médico de Carballedo.
- Centro médico de Tenorio.
- PAC de Cerdedo.

Estes centros presentan moitas carencias, que levan anos sendo denunciadas pola veciñanza, e que dende o inicio da pandemia da Covid-19, fixéronse aínda máis visibles, e necesaria a súa asunción e solución por parte da Xunta de Galicia.

Entre as necesidades sanitarias deste concello sinalamos as que revisten unha maior urxencia porque afectan enormemente a calidade da asistencia sanitaria a súa veciñanza:

1. **Centro de Saúde de Carballedo**, non conta con sala de agarda, a actual crise sanitaria provocada pola Covid19 fixo que se extremasen as medidas de seguridade e de distanciamento social nos centros sanitarios.



Polo que na actualidade as persoas usuarias non poden acceder ao espazo que anteriormente se usaba como sala de agarda, que estaba situado nun estreito corredor, non existindo polo tanto sala de agarda como tal.

Agora os/as pacientes esperan a súa quenda na entrada do local, sentados nun banco (so caben dúas persoas, polas medidas de distanciamento social), nos vehículos propios ou nas escaleiras do edificio, xa sexa de pé ou sentados.

Esta situación é insostible, denigrante, e atenta cos dereitos dos/as pacientes, que na maioría dos casos son persoas maiores con padecementos, polo que precisa unha solución de inmediato.

A maiores este centro conta con 2 médicos e só unha enfermeira.

Por outra banda, eliminouse a figura do/a pediatra e as persoas menores que teñan ese centro sanitario de referencia deben desprazarse ata o Concello de Forcarei ou a Tenorio.

2. **Centro Saúde de Tenorio**, conta cun só médico que se ve superado pola elevada afluencia de pacientes, o que provoca unha indesexable lista de agarda.

A pediatra atende unicamente tres mañás á semana, coa súa enfermeira itinerante. Unha matrona que unicamente vai os xoves e 1 fisioterapeuta que atende á veciñanza de A Lama, Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade e Forcarei.

3. **PAC de Cerdedo**, dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a nivel autonómico e local, vimos reclamando dende fai tempo unha ambulancia para este PAC, ao entender que en caso de accidentes ou de urxencias, a veciñanza non conta con garantías de que se cumpran cos tempos de resposta para salvar unha vida.

Só hai un facultativo neste centro, que ten que realizar horas sindicais, e isto esta a causar un gran agravio á veciñanza, porque ve reducida nestas horas a atención sanitaria, polo que deben ser cubertas por outro facultativo.



O servizo de atención 24 horas, conta cun cadro de persoal de 1 enfermeira e 3 médicos que se alternan.

O Grupo Parlamentario Socialista formula esta iniciativa co fin de que o Goberno da Xunta de Galicia leva a cabo unha actuación integral neste Concello no que a asistencia sanitaria se refire, cubrindo as baixas de médicos/as e enfermeiro/as, recuperando servizos perdidos como pediatra o matrona, ou acondicionando os seus centros de saúde.

É necesario habilitar mecanismos que garantan a atención médica aos veciños e veciñas de Cerdedo – Cotobade, que se vén inmersos nunha situación incómoda e moitas veces sobrevida e que na actualidade non contan cunha atención sanitaria eficiente como corresponde.

Semella que a única vía do Goberno autonómico para rendabilizar a fusión destes concellos, hai cinco anos, son os recortes nos servizos sanitarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Habilitar unha sala de agarda digna no centro de saúde de Carballedo.
2. Restablecer o pediatra no centro de saúde de Carballedo.
3. Aumentar o número de profesionais sanitarios no centro de saúde de Tenorio e no PAC de Cerdedo co fin que poidan garantir unha atención sanitaria de calidade.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo do 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/03/2021 14:00:02

Julio Torrado Quintela na data 08/03/2021 14:00:08

Marina Ortega Otero na data 08/03/2021 14:00:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/03/2021 14:00:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á serra do Suído.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A serra do Suído forma parte do sur da Dorsal Galega, un sistema montañoso que se estende de norte a sur de Galiza e que na provincia de Pontevedra está conformado polas serras do Candán, O Cando, O Testeiro, O Faro de Avión e O Suido.

O Suído esténdese por polos concellos de A Lama, Avión, Beariz, Covelo, Fornelos e Mondariz ao longo de 492 km², configurando un espazo con identidade propia, con unha historia común e con unha grande riqueza natural e cultural.

A ubicación próxima á costa e as altitudes de máis de 1.000 metros fan que esteamos ante unha das serras de maior pluviosidade de toda a península ibérica, con máis de 2.400 mm de precipitación media anual. Os ríos que nacen na serra, o Tea, o Avia e o Verdugo-Oitavén son dos mellor conservados da demarcación Galiza-Costa, tanto pola calidade das augas, pola boa conservación das ribeiras e pola variedade de flora e fauna.

A orografía, o clima, a paisaxe, a historia fan da serra do Suído un espazo de extraordinarios valores ambientais, culturais e sociais que é necesario preservar e dinamizar no seu conxunto, prevendo impactos que alteren os equilibrios e fomentando actividades sustentábeis e creadoras de valor engadido.



2. Atendendo a riqueza ambiental e á súa importancia para a preservación da biodiversidade nos anos 2008 e 2012 iniciáronse senllos procedementos para a declaración de parte da serra do Suído (aproximadamente 110 km²) como Lugar de Importancia Comunitaria e a conseguinte inclusión na Rede Natura, iniciativas que non chegaron a concluírse malia as demandas da Comisión Europea para que se protexesen hábitats de interese prioritario presentes na serra. No ano 2008 tamén se iniciou o procedemento para a ampliación do LIC Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea, sen que tamén neste caso chegase a facerse realidade a declaración.

No Suído e Alto Tea existen 12 tipos de hábitats de interese comunitario (Directiva Hábitats), dos cales 4 son de interese prioritario (en risco de desaparición): as turbeiras altas activas (7110*), os bosques aluviais de amieiros e freixos (91EO*), as matogueiras húmidas atlánticas ((4020*) e os bosques de ladeiras, desprendementos ou barrancos (9180*).

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuvia e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.

Concello	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidaís de Galiza (2003) mais non contan con protección específica. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidaís incluídos na listaxe internacional Ramsar (Conservación e xestión dos humidaís en Galicia, IBADER, 2017, ©Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CMVMC de Santiago de Covelo, ubicada na conca do Alto Tea, ten desde o ano 2017 o recoñecemento de área protexida a nivel mundial (UNEP-WCMC) dentro do programa da ONU de medio ambiente.

3. Todo este rico patrimonio cultural e natural viuse mermado e sometido a múltiples agresións, que se poden agravar de maneira irreparábel debido a proliferación de proxectos mineiros e de parques eólicos.

Con respecto aos parques eólicos, a Comisión Europea (EC, 2010) identifica os impactos na fase de construción do parque en canto á perda de superficie ocupada por hábitats de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aeroxeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortalidade que causan os aeroxeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gabias.

Nos últimos meses, a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. O proceso de tramitación destes parques estase desenvolvendo con falta de transparencia e con graves limitacións ao dereito de información e participación pública, debido ás restricións derivadas da pandemia. Por outra parte, o proceso adoce de irregularidades en relación coa avaliación de impacto ambiental, xa que non se están considerando os impactos conxuntos de todas as infraestruturas e na práctica estase consumando unha fraude de lei ao fragmentar parques que comparten infraestruturas en unidades máis pequenas, un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento fraudulento que xa foi obxecto de sentenzas condenatorias polos tribunais de xustiza.

Ademais, na tramitación dos parques non se ten en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP_08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Atendendo a moitas destas razóns, no ano 2008 paralizáronse proxectos de construción de parques eólicos como é o caso do PE Bidueiros, un antecedente que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debe ter en conta na tramitación dos actuais parques. Precisamente un dos que se están a tramitar na actualidade é o que foi denegado en 2008.

Aínda estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades dos concellos e da súa veciñanza. Calquera planificación do desenvolvemento de enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

Co obxecto de levar a cabo un modelo económico e social que responda aos intereses colectivos, co fin de preservar os valores ambientais, culturais, sociais e de garantir o desenvolvemento sustentábel do territorio e da veciñanza do Suído e Alto Tea, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta a:

1. Decretar a paralización cautelar de todos os parques eólicos en proxecto ou en tramitación, co obxecto de evitar os graves impactos negativos na contorna e o risco de destrución irreversible de hábitats de interese prioritario da serra do Suído e do Alto Tea.
2. Abrir un proceso de información e de participación que permita coñecer os proxectos de industrialización do monte que se están a tramitar e o seu impacto ambiental, social e urbanístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Iniciar o procedemento para a declaración da serra do Suído como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especia atención a humidais e turbeiras.

4. Iniciar o procedemento para a ampliación da Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea (Val de Tielas).

5. Iniciar o procedemento para a declaración como Reservas naturais fluviais das nacentes e das bacías dos ríos Avia, Tea, Oitavén e Verdugo, coa finalidade de garantir as súas funcións de preservación da biodiversidade, de conectores ecolóxicos entre zonas xeográficas e de subministradores de auga potábel.

6. Realizar o inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.

7. Elaborar, en coordinación cos concellos e coa participación das entidades sociais e a veciñanza, un Plan de dinamización e desenvolvemento sustentábel do Suído e Alto Tea, con unha previsión de investimentos plurianuais por parte das administracións local, provincial e autonómica.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2021 17:26:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/03/2021 17:26:41

Alexandra Fernández Gómez na data 08/03/2021 17:26:50



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Castro Valente é un xacemento arqueolóxico situado no monte homónimo, nos límites actuais entre os concellos de Padrón e A Estrada. A pesares de ser coñecido e destacado, ata o de agora non foi sometido a unha investigación sistemática nin tivo intervencións arqueolóxicas de calado que arrohasen información máis precisa sobre a súa historia. Tampouco contou ata o momento con ningún proxecto de posta en valor. Non obstante, si houbo intervencións que afectaron ao xacemento, como a apertura de pistas forestais e dun amplo cortalumes que arrasou unha boa parte do conxunto.

Xa a finais do ano 2020, o proxecto de investigación ‘Castelos no aire. As fortalezas como símbolo do poder aristocrático na Gallaecia (400-600 e.c.)’, financiado pola Deputación da Coruña, realizou unha intervención en Castro Valente coa que se puideron precisar as grandes proporcións da muralla, que sitúan o xacemento como un dos maiores recintos fortificados de Galicia. Ademais, constatouse a existencia dunha torre acaroadada de planta rectangular de cinco metros de ancho que sobresaí do lenzo outros tres.

Segundo o persoal investigador, isto podería confirmar que efectivamente estamos ante un enorme recinto amurallado reforzado nun momento a determinar con torreóns que, nesta cronoloxía, en Galicia resulta completamente singular e só comparable morfoloxicamente á muralla de Lugo.

O xacemento corre nestes momentos serio risco de desprotección e mesmo de destrución. Por unha banda, está afectado pola proximidade da liña de alta tensión ‘LAT 220 kv Lousame-Tibo’ e, por outra, pola posible construción dun parque eólico composto por catro aeroxeneradores e unha subestación eléctrica.

Ambas as dúas actuacións afectarán non só o terreo concreto onde se empracen estes novos elementos, senón que presumiblemente precisarán abrir vías de acceso para facer chegar maquinaria, materiais e persoal necesario para as obras, co consecuente deterioro e modificación do solo e, por tanto, constituíndo un elevadísimo risco de perda de datos arqueolóxicos.



Tendo en conta a especial relevancia do xacemento de Castro Valente, como así confirman os primeiros estudos, parece necesaria a urxente intervención da Dirección Xeral de Patrimonio para protexelo do gran risco que corre ante as actuacións anteriormente citadas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar, no menor tempo posible, todas as medidas necesarias para protexer Castro Valente e incluílo no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/03/2021 18:10:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/03/2021 18:10:34

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/03/2021 18:10:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o peche da biblioteca do CHUS na quenda de tarde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A biblioteca do Hospital Clínico de Santiago de Compostela non está a prestar o servizo con regularidade desde hai semanas, despois de ficar vacante a praza dunha traballadora que non foi cuberta. Deste xeito, o horario de apertura viuse claramente reducido, manténdoa pechada durante as tardes e sen posibilidade de cobertura no caso de permisos ou baixas laborais da única traballadora existente actualmente.

Esta biblioteca dá cobertura a toda a área sanitaria de Santiago e Barbanza, sendo o único punto destas características que existe en toda a área. É un servizo imprescindible para a xestión do coñecemento científico, e que a través da colaboración do persoal traballador da biblioteca coas tarefas de selección e organización da información, resulta de vital importancia para mellorar o acceso a toda a evidencia científica existente. Este persoal ademais é experto en acceso e recuperación da información, e pode prestar asesoramento nas buscas de información con criterios de calidade e actuar como enlace con outras bibliotecas e outros centros de información.

Ademais deste labor indispensable, a biblioteca conta cun importante fondo físico en diferentes formatos, e supón un espazo accesible para tódolos membros da área





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitaria para o estudo, a lectura e a investigación. Espazo do que non soamente se beneficia o persoal traballador do Sergas, senón que tamén presta servizo ás investigadoras do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica; así como ao estudantado universitario e non universitario que realiza as súas prácticas clínicas neste centro.

A respecto deste peche, diversas organizacións teñen solicitado información á Xerencia polos motivos que o provocaron, mais sen obteren resposta ningunha neste tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cubrir a praza vacante na biblioteca do CHUS coa maior brevidade posible, recuperando o horario de apertura en quenda de mañá e tarde.
2. Potenciar a figura das bibliotecas dos centros sanitarios do Sergas, destacando a súa figura principal de selección e promoción do coñecemento científico.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2021 12:59:59

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2021 13:00:04

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2021 13:00:15

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2021 13:00:25



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A DG Mare remitía unha nota explicativa sobre a Revisión do sistema de control da pesca da UE no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030.

Nesta nota advertíase sobre as posibles e supostas implicacións dalgunhas emendas presentadas á proposta de reforma integral do sistema de control da pesca da UE adoptadas na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo (*Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) 1224/2009 do Consello e modifica os Regulamentos do Consello (CE) 768/2005, (CE) 1967/2006, (CE) 1005/2008 e Regulamento (UE) 2016/1139 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao control da pesca*) e na que “*poderían premiar e legalizar a infradeclaración, conducir a unha sobrepesca masiva e permitir que os descartes ilegais continúen sen ser detectados e ameacen a explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños*”.

Os pescadores europeos non poden senón sentirse indignados e abandonados por unha Comisión Europea que presenta á súa propia industria pesqueira como depredadores ilegais e tramposos. Este é o sentimento unánime do sector que perciben esta actitude como unha completa falla de conexión e empatía cos pescadores e as realidades pesqueiras.

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar una estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. O deseño da produción eléctrica na Galiza caracterizouse por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi tamén e en consecuencia un deseño contrario aos intereses e necesidades da Galiza.

Un dos exemplos máis evidentes atopámolo no desenvolvemento da enerxía hidráulica e a conseguinte construción de presas e encoros, cunhas fortísimas consecuencias sociais e medioambientais no noso territorio, unha concepción franquista co obxectivo de subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin as propias zonas afectadas obtivesen compensación ou beneficio de ningún tipo.

As compañías eléctricas explotan na Galiza a maior parte das centrais hidráulicas existentes e fano a través de concesións outorgadas polo Estado con duracións que, na actualidade e nalgún caso, poderían superar os 160 anos. Parte delas mesmo foron transferidas a mans privadas no último cuarto de século mediante o





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de privatización das empresas públicas do extinto INI, o que permitiu aumentar o crecente negocio do sector. En todo caso, a gran maioría das centrais hidroeléctricas foron construídas hai xa décadas, sendo investimentos que, debido á estrutura do mercado eléctrico, están sobradamente amortizados, converténdose na práctica nunhas máquinas de xerar beneficios grazas a decisións políticas discrecionais e ao uso privado que realizan dun ben público como é a auga.

Recuperar a xestión pública das centrais é unha cuestión estratéxica. Cabe ter en conta que como consecuencia dos procesos de privatización, as compañías fixéronse cunha serie de instalacións construídas con investimentos públicos e cuxa produción e beneficio é para elas. A xestión pública dos saltos e encoros permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con condicións económicas e sociais máis desfavorábeis, poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico, medida social incluída na Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Confederación Intersindical Galega (CIG), apoiada por todos os grupos no Parlamento galego excepto o PP, e que tamén demandaba a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública, polos organismos de conca ou por entidades públicas creadas para iso, con fins de utilidade pública e interese social, de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade.

Criterios políticos como a Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas -gobierno socialista- auto-conferiron ao estado a función de outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico nas concas hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha soa Comunidade Autónoma, creando os organismos de conca, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, entidades de dereito público con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

personalidade xurídica propia e distinta da do estado, cun ámbito territorial que comprende unha ou varias concas hidrográficas indivisas. Entre as súas atribucións e labores figuran o outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico, e as súas declaracións de caducidade e reversións mediante procedemento de extinción regulado no Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, no que se contempla a remisión á Comunidade Autónoma onde se encontren as obras ou se utilicen as augas da copia do expediente, para que no prazo de dous meses poida manifestarse.

Nos últimos días veñen de publicarse por parte de Augas de Galiza varios expedientes expediente de extinción do título concesional relativos ao aproveitamento hidroeléctrico de diversas centrais hidroeléctricas da bacía Galiza Costa.

Nos anuncios realizados nos boletíns oficiais, así como na información facilitada polo organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na súa páxina web non se facilitan datos concretos sobre os expedientes, e mesmamente se emprazan aos interesados a desprazarse ata as instalación de Augas de Galiza para consultar esta, algo inaudito nun tempo no que a administración dixital é de obrigado cumprimento.

As concesións de aproveitamento hidráulico suxeitas a expediente de extinción son as que figuran na seguinte táboa:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Central	Río	Concello	Concesionario actual
Novefontes,	Lañas	Touro	Santiago M. Alonso Ucha
Zarzo	Zarzo	Pademe	Manuel Coira García
Salto de Ponte Inferno	Verdugo	Ponte Caldelas e Soutomaíor	Naturgy Wind, SL
Salto de Fervenzas	Fervenzas	Coirós	Enel Green Power España, SL
Salto da Castellana	Mandeo	Aranga e Curtis	Enel Green Power España, SL
Salto de Güimil	Lambre	Vilarmaíor e Irixoa	Naturgy Generación, SLU
Salto do río Forte	Forte ou Landoi	Cariño	Gas Natural SDG

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Recuperar a xestión pública destas centrais como parte dun deseño enerxético propio pensado para garantir os dereitos das galegas e galegos e reverter a situación actual na que o noso País subministra enerxía ao centro do Estado sen que nin Galiza nin as propias zonas afectadas obteñan compensación ou beneficio de ningún tipo. Este deseño enerxético estaría enfocado a ter unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos nosos recursos enerxéticos que posibiliten o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade

2. Adoptar as medidas necesarias nestas concesións hidráulicas para evitar o impacto ambiental nas concesións nas zonas protexidas por figuras de protección ambiental, como a Rede Natura 2000 ou á ampliación da Rede Natura e avaliar aqueles casos nos que deben eliminarse as instalacións.

3. Garantir o acceso telemático na información pública destes expedientes e paralizar a tramitación dos expedientes en curso, ata que se poña solución a esta eiva que impide acceder á información á cidadanía.

4. Impulsar a creación dunha Empresa Pública Galega de Enerxía como aposta pola planificación, impulso e participación nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 15:34:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/03/2021 15:34:25

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2021 15:34:36

Iria Carreira Pazos na data 11/03/2021 15:34:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/03/2021 15:34:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o control das residencias de maiores de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 71 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galiza establece a obriga da Xunta de Galiza de inspeccionar e controlar o funcionamento das entidades, centros, os servizos e os programas, tanto públicos coma privados, a fin de verificar o estricto cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como velar polo respecto aos dereitos das usuarias e procurar a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns no territorio de Galiza.

Asemade, a devandita lei, establece expresamente a obriga da Xunta de Galiza de dar traslado á autoridade competente das infraccións das que puidera ter coñecemento en exercicio da súa función inspectora, respecto da cal o contido das actas levantadas polos inspectores da Administración Autonómica gozarán de valor probatorio.

Malia o anteriormente exposto o certo é que a Xunta de Galiza ven incumprindo tal obriga, obviando a realización de controis periódicos nas residencias e centros de maiores, mesmo a pesares de apreciar a existencia de irregularidades ou incumprimentos de compromisos contractuais. A sinalada negligencia e deixación de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcións, vese agravada por unha incomprendible actitude obstrucionista negando o acceso á información solicitada aos deputados e deputadas do Grupo do BNG no Parlamento de Galiza impedindo o exercicio das súas función de control da acción de goberno, só parcialmente corrixida.

O traballo do servizo de inspección da Consellaría de Política Social (que conta cun número de efectivos notablemente insuficiente para atender o importante labor encomendado) non se ve correspondido -antes ao contrario- pola dirección da Consellaría de Política Social.

Así, resulta sorprendente a pasividade da Xunta de Galiza ante a constatación do incumprimento da ratio entre persoal de atención directa/usuario, máxime cando non só é unha obriga legal, senón que frecuentemente é un dos criterios fundamentais na adxudicación da contratación do Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia.

Igualmente ilustrativa é a tolerancia fronte a falla de actualización nos rexistros, na elaboración dos PAIs, e no contumaz incumprimento do establecido no artigo 7.2 do Decreto 254/2011 que obriga a ter no centro a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a prestación do servizo, ou non servir para o xantar os menús programados.

Maior gravidade, se cabe, tería o feito de silenciar e non comunicar ao Ministerio Fiscal ou autoridade xudicial eventuais aplicacións de medidas de suxeición ou de limitación da mobilidade sen contar con prescripción facultativa ou consentimento previo, pois tal accións poderían encubrir a comisión dun eventual ilícito penal, constituíndo, en todo caso, un atentado contra a dignidade do/a maior residente no centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Revelador dos intereses que se protexen en cada caso sería unha eventual adxudicación de contratos de reserva ou ocupación de prazas residencias en centros sobre os que exista a presunción de incumprimentos de carácter grave ou moi grave. Sería admisible que ante a constatación de graves incumprimentos en materia de coidados, plans de prevención, de ratios de persoal adicado a atención ... se encomendase a continuidade na atención a maiores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

a) Remitir ao Ministerio Fiscal ou Autoridade Xudicial de todos os casos que se detectaren en residencias e centros de maiores de aplicación de medidas de suxeición sen previa prescrición médica ou consentimento.

b) Solicitar informe da asesoría xurídica da Xunta sobre as consecuencias que tería nun procedemento de contratación que a adxudicataria fose sancionada pola comisión de infraccións graves ou moi graves por feitos producidos na execución de contratos públicos anteriores e de idéntico contido ao que se adxudica.

c) Proceder ao incremento dos recursos humanos e materiais do servizo de inspección de Política Social que posibilite o control do estrito cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como velar polo respecto aos dereitos das usuarias dos centros e residencias de maiores.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2021 16:08:30

María González Albert na data 11/03/2021 16:08:37

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 16:08:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/03/2021 16:08:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O ferrocarril de Ancho Métrico Ferrol-Xixón, que forma parte do corredor viario que discorre por toda a costa cantábrica, está próximo a cumprir medio século dende a súa inauguración, aínda que nalgún tramo xa viña funcionando dende comezos do anos 60. A través de 320 km conecta directamente 47 localidades de Galicia e Asturias e dá servizo a outras moitas que se atopan nun radio de proximidade a aquelas que dispoñen de estación.

Durante estas décadas representou un importante medio para conectar localidades que, nunha parte considerable do seu traxecto, non dispoñen de alternativa terrestre organizada e permanente de traslado colectivo de viaxeiros para facer posible o desprazamento entre elas, agás que se recorra á utilización do vehículo privado.

Baste tomar como exemplo unha das comarcas, a Mariña lucense, para comprobar que un servizo ferroviario adecuadamente organizado estaría en condicións de garantir os desprazamentos a través das súas principais localidades para miles de persoas que están obrigadas a facelo a diario por razóns laborais, de estudos, médicas, administrativas ou de índole turística, tendo en conta ademais que discorre en paralelo á costa cantábrica e ás súas praias.

Tamén se debe de considerar o potencial que ten para o traslado de mercadorías- que na actualidade é moi reducido- tendo en conta que polo corredor cantábrico se estima que existe un movemento da orde de 800.000 toneladas anuais entre as distintas comunidades.

Durante as últimas décadas o Ancho Métrico sufriu un progresivo abandono tanto nos equipos, moi antigos, coma nas súas instalacións (estacións, accesos e vías), así como no que se refire á ordenación e nas frecuencias.

En conclusión, nin a oferta de transporte nin as condicións nas que se realiza están axustadas ás necesidades das comarcas que este ferrocarril atravesará. O deterioro afecta enormemente á calidade do servizo (con frecuentes



interrupcións) e constitúe un elemento que obxectivamente reduce a utilización do tren e como consecuencia o número de viaxeiros.

Non obstante, o número de comarcas e localidades que conecta (Ferrolterra, Ortegal, a Mariña lucense, Avilés ...) con centos de miles de veciños e veciñas, as necesidades de transporte destas e a súa condición de medio de conexión entre dúas comunidades autónomas, xustifica a realización durante os próximos anos dun esforzo investidor razoable que permitan recuperar plenamente a calidade do servizo ferroviario.

Un primeiro e importante paso adiante levouse xa a cabo coa adquisición o pasado 29 de decembro de 2020 por RENFE -no marco do Plan de renovación da frota e tras anos de abandono- de 31 trens de Ancho Métrico que prestarán servizos, entre outras, ás comunidades de Galicia e Asturias.

Por todo iso é importante que no menor prazo e de maneira sostible a esta iniciativa se sumen outras que permitan ofrecer aos viaxeiros e ás comarcas e comunidades que atravesa un servizo moderno e eficaz.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe coas melloras iniciadas no ferrocarril Ancho Métrico Ferrol-Xixón, contemplando actuacións nos seguintes ámbitos: limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado e revisión das frecuencias actuais conforme á recuperación da demanda.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2021 17:13:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/03/2021 17:13:58





Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:14:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera, Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles–, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un



42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a Xunta de Galicia deseñe e desenvolva un plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- a) A diagnose das posibilidades e oportunidades de investimento nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal en sintonía co tecido empresarial, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e estatal e a sociedade civil.
- b) A presentación de proxectos radicados nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para optar aos fondos *Next Generation*.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 11/03/2021 17:23:28

Martín Seco García na data 11/03/2021 17:23:43

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/03/2021 17:24:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/03/2021 17:24:13

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/03/2021 17:24:29

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:24:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida nos documentos con números de rexistro 4759 e 4760.

Na parte resolutiva das iniciativas, onde di: “... a presentar no primeiro trimestre de 2021 ...”, debe dicir: “... a presentar antes de que remate o actual período de sesións ...”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/03/2021 11:34:01

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 11/03/2021 11:34:15

Julio Torrado Quintela na data 11/03/2021 11:34:26

Marina Ortega Otero na data 11/03/2021 11:34:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 11:34:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a aprobación do I Plan de Igualdade da Xunta de Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da grave situación que xera a falta dun Plan de Igualdade da Xunta de Galiza e o incumprimento que isto representa da lexislación vixente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai catorce anos, concretamente desde a entrada en vigor da Lei 2/2007 do traballo en Igualdade das mulleres na Galiza (artigo 11.1) a Xunta de Galiza ten a obriga de contar cun Plan de igualdade para si propia e para os organismos autónomos, sociedades públicas, fundacións do sector público autonómico e entidades de dereito público, entre outros.

Porén, até o momento e malia os anuncios a bombo e prato do presidente da Xunta de Galiza en sede parlamentaria no ano 2018, a día de hoxe o plan continúa sen aprobarse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O conxunto das administracións e nomeadamente a Xunta de Galiza debe ser exemplar no cumprimento da lexislación en materia de igualdade e vangarda na implantación das políticas públicas neste ámbito. Porén, non o está a ser.

A aprobación dun Plan de Igualdade para a Xunta de Galiza debe ser o resultado dun traballo de análise e diagnose previa que permita coñecer cal é a situación de partida mais tamén froito do diálogo e negociación coas organización sindicais que representan as traballadoras e traballadores. Un instrumento que debe ter por obxectivo suprimir calquera discriminación que poida producirse no seo da administración pública e impulsar tantas accións e medidas como sexan necesarias para avanzar na igualdade real e efectiva de mulleres e homes tamén na administración.

Así as cousas, tres anos despois de se anunciar en sede parlamentaria o plan, as forzas sindicais veñen denunciando a actitude do Goberno galego que deixou en papel mollado o que até o momento foi só un titular.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reiniciar sen máis demora o diálogo coas organizacións sindicais para aprobar, antes de finalizar 2021, o I Plan de Igualdade que deberá ser remitido e presentado na Cámara para o seu debate por parte dos grupos. Este Plan deberá ir acompañado dun informe sobre o índice de igualdade que existe actualmente na administración autonómica galega así como de orzamento para a súa aplicación.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2021 16:01:25

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2021 16:01:35

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2021 16:01:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e da deputada **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de rebaixar o clima de tensión social e de violencia que se está vivindo en Pontevedra, así como pola necesidade de poñer en marcha unha mesa de negociación sobre o futuro da ría e da actividade industrial de ENCE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A empresa ENCE está a desenvolver unha intolerábel campaña de ameazas, chantaxe e amedrentamento contra as institucións e os representantes públicos. Estase a producir unha espiral de violencia protagonizada por un reducido grupo de traballadores, alentados pola dirección da empresa e reforzados pola complicidade da Xunta de Galiza e do PP.

No día de onte, 11 de marzo de marzo, producíronse feitos de extrema gravidade, con acoso, insultos, ameazas e mesmo agresións verbais e físicas dun grupo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de traballadores da empresa contra o alcalde e integrantes do goberno municipal de Pontevedra. Este comportamento violento e intimidatorio conta co apoio dos representantes do PP na cidade de Pontevedra, como o demostra o feito de que ese grupo de traballadores recibiron a visita e o apoio do portavoz municipal do PP mentres permanecían encerrados no concello de Pontevedra, na antesala da alcaldía, nunha actitude hostil e intimidatoria.

Esta escalada de violencia traspasou xa moitos límites e deben ser obxecto dunha condena sen paliativos por parte das institucións e dos responsábeis políticos do PP. No caso de non facelo convertiríanse en cómplices destas actitudes intolerantes e antidemocráticas.

Por outra parte, desde a Xunta de Galiza e desde o PP débese trasladar unha mensaxe clara e contundente á dirección da empresa ENCE para que cese na campaña hostil, agresiva e violenta contra os representantes de institucións públicas que foron elixidos democraticamente pola cidadanía.

2. No transcurso desta escalada violenta está o intento de ENCE de forzar a vontade popular e condicionar as decisións dos gobernos, plenos e parlamentos mediante a chantaxe, a intimidación, as ameazas e o amedrentamento. Mais fronte a esta deriva irracional e antidemocrática está a lexitimidade de quen goberna e de quen legisla, que teñen a vontade firme de facer prevalecer a lei, os intereses da maioría, a protección da ría de Pontevedra e a recuperación de terreos gañados ao mar, para o que é imprescindible a saída do complexo industrial de ENCE dos 600.000 m² de terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa en Lourizán.

Esta saída da ría, ademais de responder á racionalidade ambiental, urbanística, da seguridade cidadá e da saúde pública, é a consecuencia lóxica de instrumentos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ordenación do territorio vixentes como as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL). E é congruente con numerosos acordos parlamentarios e decisións de gobernos, que en numerosas ocasións se pronunciaron a favor de saída de ENCE da ría de Pontevedra e da construción dunha nova factoría con tecnoloxía avanzada, cunha redución sensíbel do consumo de auga, coa mellora da eficiencia enerxética, coa minimización do impacto ambiental e co peche do ciclo produtivo.

3. A data de caducidade de ENCE na ría de Pontevedra debe ser vista como unha oportunidade para desenvolver un novo proxecto industrial, recuperar e rexenerar a ría, fomentar un modelo forestal multifuncional e biodiverso, e crear máis e mellores postos de traballo na industria, no monte e no mar.

Por outra parte, o desmantelamento e descontaminación dos terreos que ocupa o complexo industrial, a ordenación e rexeneración das marismas de Lourizán e a construción dunha nova factoría suporía a mobilización dunha grande cantidade de recursos e a creación de centos postos de traballo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución condenar de maneira firme e contundente a campaña violenta da empresa ENCE contra institucións e contra cargos públicos representantes da soberanía popular e, nomeadamente, rexeitar e denunciar as ameazas, agresións e intimidacións contra o alcalde de Pontevedra e integrantes do goberno municipal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a:

1. Dirixirse á dirección da empresa ENCE para que cese na súa escalada de presión, chantaxe e amedrentamento de institucións e representantes públicos, e na súa tentativa de forzar a vontade popular con métodos non democráticos.

2. Convocar unha mesa de negociación coa participación da Xunta, o goberno central, a empresa e os sindicatos e coa seguinte folla de rota:

-desenvolvemento das actuacións urbanísticas e ambientais previstas polas DOT e o POL nas marismas de Lourizán,

-recuperación e rexeneración dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa ENCE,

-rexeneración e o desenvolvemento produtivo da ría de Pontevedra,

-procura de terreos e a construción dunha nova factoría que peche o ciclo produtivo e aproveite as potencialidades da bioeconomía, que reduza o impacto ambiental, que incremente a eficiencia enerxética e do ciclo da auga, e que sexa compatible con un desenvolvemento sustentábel, multifuncional e biodiverso do monte galego,

- a xeración de centos novos postos de traballo no desmantelamento da actual factoría, na descontaminación e rexeneración dos terreos, na construción das novas instalacións, na actividade industrial forestal e en novas actividades produtivas relacionadas co mar e co monte.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2021 11:24:50

Alexandra Fernández Gómez na data 12/03/2021 11:24:59

Paulo Ríos Santomé na data 12/03/2021 11:25:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre o rexeitamento dunha estudante de soldadura por parte dunha empresa na que solicitou facer prácticas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da gravidade dos feitos acontecidos que supoñen unha enorme vulneración do principio de igualdade e non discriminación por razón de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O caso dunha estudante do IES Universidade Laboral de Culleredo que foi rexeitada por unha empresa para facer as prácticas do seu grao de Formación Profesional por ser muller provocou un enorme debate social tanto nas redes como nos medios de comunicación convencionais.

As razóns argumentadas pola empresa para non acollela baseábanse na ausencia de instalacións para mulleres como, por exemplo, vestiarios. Unha escusa misóxina desde calquera punto de vista completamente inaceptable no século XXI.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A estudante que ten demostrado unha enorme cualificación e preparación profesional para desenvolver o seu traballo –como trasladou publicamente o propio centro e o persoal docente-- finalmente poderá levar a cabo as súas prácticas –igual que os seus compañeiros varóns-- noutra empresa. Porén, o seu caso pon de manifesto as enormes dificultades e atrancos que aínda persisten na sociedade especialmente naquelas profesións tradicionalmente masculinas, como a soldadura.

Así as cousas, a actitude e decisión adoptada pola empresa evidencia o desleixo con que moitas entidades –quer do ámbito privado, quer do público-- non só manteñen estereotipos, prexuízos e roles de xénero senón que se resisten a implantar na súa cultura empresarial ou institucional os valores democráticos máis básicos como a igualdade.

Malia tratarse dun caso concreto aínda que estamos seguras non illado, o certo é que debe inspirar unha reflexión colectiva, pública, á que non poden nin deben ser alleas a Xunta de Galiza e esta Cámara e, sobre todo, debe impulsar accións decididas que impidan que volva acontecer. Non só nos termos en que foi discriminada esta alumna senón tamén noutras que, como ela mesma explicou, sofren como por exemplo: non contar con vestimenta e calzado adaptados ao seu talle así como outro material de protección imprescindible para desenvolver a súa aprendizaxe e traballo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas que sexan necesarias para garantir que as empresas nas que o alumnado de Formación Profesional pode realizar prácticas contén con Plans de igualdade que garantan o principio de non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

discriminación entre mulleres e homes, especialmente naqueles sectores profesionais tradicionalmente masculinos.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/03/2021 12:31:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/03/2021 12:32:01

Daniel Castro García na data 12/03/2021 12:32:18

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2021 12:32:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo, M^a Carme González Iglesias e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6^a polo trámite de urxencia**, sobre a situación do estaleiro vigués Barreras.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A situación na que se atopa o estaleiro vigués Barreras require un posicionamento urxente do Parlamento galego e da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cruceiro Evrima ven de saír do estaleiro Barreras para realizar, segundo se anuncia nos medios de comunicación, os últimos traballos de pintura, para o que precisa un dique seco. Especulouse até último momento sobre cal sería o seu destino final, xa que eran varias as posibilidades: Navantia Cádiz, Navantia Ferrol, Astander, e mesmo un estaleiro francés.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo puidemos saber pola prensa, o feito de procurar dique seco para realizar estes traballos forma parte da operativa habitual do estaleiro, mais neste caso non se vai aproveitar esa navegación para realizar as probas de mar, xa que o buque non está aínda en condicións de navegar, polo que aproveitará a estancia no dique de destino para realizar tamén as obras pendentes.

O feito de ter que ser remolcado complica o traslado, polo que finalmente os destinos con máis posibilidades eran Navantia Ferrol ou Astander, en Santander, estaleiro que no momento de presentar esta iniciativa parece que vai ser o que finalmente consiga o contrato.

A prensa, polo contra, insinuaba que o feito de ter a Xunta de Galiza axudado financeiramente ao estaleiro Barreras decantaría as cousas a favor do estaleiro Navantia ría de Ferrol, moi necesitado, ademais, de carga de traballo.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. A promover conxuntamente co Goberno do Estado as accións necesarias para transformar toda a débeda do estaleiro Barreras coas diferentes entidades do sector público en participacións sociais, e acceder ao Consello de administración da empresa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Poñer en marcha a elaboración dun plan industrial e financeiro que garanta un horizonte de estabilidade no sector, e que ao mesmo tempo sirva para relanzar á empresa no mercado internacional.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

M^a Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/03/2021 10:42:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/03/2021 10:42:33

Daniel Pérez López na data 15/03/2021 10:42:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2021 10:42:55



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

No seo das negociacións do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea do 17 de decembro de 2020 no que se estableceron para 2021 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións e grupos de poboacións de peixes adquiríase un compromiso no que se recollía a declaración (ST 13999/1/20 REV 1) sobre a cigala na unidade funcional 25 de España, conforme ao seguinte texto:

“Sobre la cigala en las unidades funcionales 25 (España)

España, comprometida con la sostenibilidad de las poblaciones de cigala en el Cantábrico (unidades funcionales 25 y 31), ha estado trabajando, a través de su organismo científico y con el apoyo del sector pesquero español, para mejorar el conocimiento científico de su estado respectivo.

Tras cuatro años de campañas de pesca centinela con un pequeño TAC asignado, con el fin de recoger datos de captura por unidad de esfuerzo (CPUE) con buques que llevan observadores a bordo, los resultados de 2020 han confirmado un aumento de la CPUE en línea con los incrementos de años anteriores, lo que indica una señal positiva consolidada.

España solicita una revisión del actual dictamen del CIEM (realizado en 2019 para tres años) durante el primer semestre de 2021, con el fin de evaluar una posible reapertura de la pesquería comercial con un TAC limitado y las condiciones para su gestión.”

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para actuar nas xestións que sexan necesarias ante a Comisión Europea para a consecución dunha efectiva reapertura da pesquería da cigala á maior brevidade posible”.



Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/03/2021 10:17:24

Teresa Egerique Mosquera na data 05/03/2021 10:18:05

José Manuel Balseiro Orol na data 05/03/2021 10:18:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ana Belén García Vidal na data 05/03/2021 10:18:31

Manuel Santos Costa na data 05/03/2021 10:18:41

José Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2021 10:18:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 05/03/2021 10:18:59

Daniel Vega Pérez na data 05/03/2021 10:19:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noa Varela Díaz, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O sector da orquestra de verbena supón en Galicia máis de 5.000 empregos directos, aos que hai que lle sumar outros miles indirectos. Debido ás restricións sanitarias provocadas pola pandemia da covid-19, é unha das actividades económicas máis prexudicadas pola crise, unha situación que sofren dende hai agora exactamente un ano e que non semella resolverse proximamente.

Ao paro total de actividade obrigado por mor da normativa estatal e autonómica súmase tamén o temor dos concellos e as comisións de festas a programar as actuacións, o que ten o sector sumido nunha situación moi preocupante por canto o horizonte de contratacións para este verán prevese similar ao do ano anterior.

Diante desta agónica situación os traballadores e traballadoras do sector dos espectáculos mantivo dende o mes de xuño varias xuntanzas co Goberno galego co propósito de que este abra unha liña de axudas *ad hoc* que facilite o mantemento das estruturas empresariais un ano máis. O sector está suxeito na súa maior parte a unha temporalidade, tamén laboral, que vai normalmente de abril a outubro, e por iso é necesario atender as súas particularidades.

Recentemente, o Goberno autonómico estableceu unhas axudas para empresas do sector, que en realidade non son tal senón unhas subvencións para gastos derivados do traballo, algo que dificilmente poderán xustificar se o que falta é precisamente traballo.



A maiores, a Xunta de Galicia comprometeuse a publicar este ano no Diario Oficial de Galicia unha liña de axudas exclusivas para os traballadores e traballadoras do sector, que continúan agardando por elas. Hai que ter en conta que moi boa parte deste persoal non puido acceder a outras prestacións debido precisamente á irregularidade e temporalidade dos seus contratos. Por iso urxe que estas axudas sexan convocadas de inmediato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que elabore e implemente antes deste verán un plan de recuperación da verbena que inclúa axudas directas para garantir así a pervivencia dunha actividade económica da que viven directamente en Galicia 5.000 persoas.

Pazo do Parlamento, 5 de marzo do 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela
Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xa a finais do ano 2020, o proxecto de investigación ‘Castelos no aire. As fortalezas como símbolo do poder aristocrático na Gallaecia (400-600 e.c.)’, financiado pola Deputación da Coruña, realizou unha intervención en Castro Valente coa que se puideron precisar as grandes proporcións da muralla, que sitúan o xacemento como un dos maiores recintos fortificados de Galicia. Ademais, constatouse a existencia dunha torre acaroadada de planta rectangular de cinco metros de ancho que sobresaí do lenzo outros tres.

Segundo o persoal investigador, isto podería confirmar que efectivamente estamos ante un enorme recinto amurallado reforzado nun momento a determinar con torreóns que, nesta cronoloxía, en Galicia resulta completamente singular e só comparable morfoloxicamente á muralla de Lugo.

O xacemento corre nestes momentos serio risco de desprotección e mesmo de destrución. Por unha banda, está afectado pola proximidade da liña de alta tensión ‘LAT 220 kv Lousame-Tibo’ e, por outra, pola posible construción dun parque eólico composto por catro aeroxeneradores e unha subestación eléctrica.

Ambas as dúas actuacións afectarán non só o terreo concreto onde se empracen estes novos elementos, senón que presumiblemente precisarán abrir vías de acceso para facer chegar maquinaria, materiais e persoal necesario para as obras, co consecuente deterioro e modificación do solo e, por tanto, constituíndo un elevadísimo risco de perda de datos arqueolóxicos.



Tendo en conta a especial relevancia do xacemento de Castro Valente, como así confirman os primeiros estudos, parece necesaria a urxente intervención da Dirección Xeral de Patrimonio para protexelo do gran risco que corre ante as actuacións anteriormente citadas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar, no menor tempo posible, todas as medidas necesarias para protexer Castro Valente e incluílo no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/03/2021 18:09:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/03/2021 18:09:51

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/03/2021 18:10:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o peche da biblioteca do CHUS na quenda de tarde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A biblioteca do Hospital Clínico de Santiago de Compostela non está a prestar o servizo con regularidade desde hai semanas, despois de ficar vacante a praza dunha traballadora que non foi cuberta. Deste xeito, o horario de apertura viuse claramente reducido, manténdoa pechada durante as tardes e sen posibilidade de cobertura no caso de permisos ou baixas laborais da única traballadora existente actualmente.

Esta biblioteca dá cobertura a toda a área sanitaria de Santiago e Barbanza, sendo o único punto destas características que existe en toda a área. É un servizo imprescindible para a xestión do coñecemento científico, e que a través da colaboración do persoal traballador da biblioteca coas tarefas de selección e organización da información, resulta de vital importancia para mellorar o acceso a toda a evidencia científica existente. Este persoal ademais é experto en acceso e recuperación da información, e pode prestar asesoramento nas buscas de información con criterios de calidade e actuar como enlace con outras bibliotecas e outros centros de información.

Ademais deste labor indispensable, a biblioteca conta cun importante fondo físico en diferentes formatos, e supón un espazo accesible para tódolos membros da área





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitaria para o estudo, a lectura e a investigación. Espazo do que non soamente se beneficia o persoal traballador do Sergas, senón que tamén presta servizo ás investigadoras do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago e da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica; así como ao estudantado universitario e non universitario que realiza as súas prácticas clínicas neste centro.

A respecto deste peche, diversas organizacións teñen solicitado información á Xerencia polos motivos que o provocaron, mais sen obteren resposta ningunha neste tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Cubrir a praza vacante na biblioteca do CHUS coa maior brevidade posible, recuperando o horario de apertura en quenda de mañá e tarde.
2. Potenciar a figura das bibliotecas dos centros sanitarios do Sergas, destacando a súa figura principal de selección e promoción do coñecemento científico.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/03/2021 12:59:13

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2021 12:59:26

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2021 12:59:33

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2021 12:59:43



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A DG Mare remitía unha nota explicativa sobre a Revisión do sistema de control da pesca da UE no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030.

Nesta nota advertíase sobre as posibles e supostas implicacións dalgunhas emendas presentadas á proposta de reforma integral do sistema de control da pesca da UE adoptadas na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo (*Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) 1224/2009 do Consello e modifica os Regulamentos do Consello (CE) 768/2005, (CE) 1967/2006, (CE) 1005/2008 e Regulamento (UE) 2016/1139 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao control da pesca*) e na que “*poderían premiar e legalizar a infradeclaración, conducir a unha sobrepesca masiva e permitir que os descartes ilegais continúen sen ser detectados e ameacen a explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños*”.

Os pescadores europeos non poden senón sentirse indignados e abandonados por unha Comisión Europea que presenta á súa propia industria pesqueira como depredadores ilegais e tramposos. Este é o sentimento unánime do sector que perciben esta actitude como unha completa falla de conexión e empatía cos pescadores e as realidades pesqueiras.

A principal asociación pesqueira europea, Europêche, e a española, Cepesca, remitiron un escrito ao comisario Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo Virginijus Sinkevičius no que mostran o seu total desacordo coa Dirección General MARE por divulgar información que dana ao sector.

Europêche insta á Comisión a que deixe de arroxar unha sombra de sospeita sobre o sector e o seu cumprimento no seu conxunto. Tamén instan á Comisión a respectar as decisións democráticas adoptadas polas comisións parlamentarias especializadas. Para o sector pesqueiro europeo, o debate sobre cuestións complexas e técnicas, como o regulamento de control, debe facerse de forma transparente e buscando sempre o resultado de políticas racionais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia ACORDA:

1. Manifestar o seu rexeitamento á nota explicativa remitida pola DG Mare ao Parlamento Europeo sobre a Revisión do sistema de control da pesca da UE no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030.
2. Dirixirse ao Goberno de España a que leve a cabo as actuacións oportunas de rexeitamento a esa nota explicativa xa que atenta contra a imaxe e traballo do sector do mar e a de todas as persoas profesionais que nel traballan”.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/03/2021 13:03:02

Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2021 13:03:33

José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2021 13:03:44

Ana Belén García Vidal na data 09/03/2021 13:03:56

Manuel Santos Costa na data 09/03/2021 13:04:05

José Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2021 13:04:12

María Elena Suárez Sarmiento na data 09/03/2021 13:04:24

Daniel Vega Pérez na data 09/03/2021 13:04:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, advertido un erro nas iniciativas cós número de rexistro **12280** e **12281**, se corríxan, no seguinte senso:

“O Parlamento de Galicia ACORDA:

2. Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a que leve a cabo as actuacións oportunas de rexeitamento a esa nota explicativa xa que atenta contra a imaxe e traballo do sector do mar e a de todas as persoas profesionais que nel traballan”.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/03/2021 13:07:21

Teresa Egerique Mosquera na data 15/03/2021 13:07:49

José Manuel Balseiro Orol na data 15/03/2021 13:07:59

Ana Belén García Vidal na data 15/03/2021 13:08:11

Manuel Santos Costa na data 15/03/2021 13:08:22

José Alberto Pazos Couñago na data 15/03/2021 13:08:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/03/2021 13:08:40

Daniel Vega Pérez na data 15/03/2021 13:08:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O 4 de febreiro presentouse no Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei Orgánica de reforma da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, para a regulación do exercicio do voto polos españois que viven no estranxeiro.

Ao tratar o dereito de sufraxio dos galegos residentes fora do territorio español, non podemos esquecernos tamén dos galegos que desenvolven de xeito cotiá o seu traballo no mar, en particular aqueles que o fan en Alta Mar, nos numerosos buques de pesca presentes nos principais caladoiros do planeta e mesmo tamén nos buques da mariña mercante. A gran maioría destes galegos non é quen de poder empregar o sistema para eles previstos de exercicio do voto, no actual réxime electoral, pois a realidade do seu traballo dificilmente se pode acompañar co achegamento a terra nas datas que a lexislación electoral establece en función das convocatorias a urnas.

Tan numerosos como galegos espallados polos océanos do mundo son os casos de persoas que ao longo da súa vida solo poden participar nalgún anecdótico momento nun proceso electoral, será mais por coincidencias casuais de permanencia en terra por descansos ou por períodos de convalecencia que por ser capaces de adaptar a súa faena aos procedementos electorais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade de incluír na modificación da LOREG, o establecemento dun sistema que



permita aos mariñeiros embarcados durante un proceso electoral exercer o seu dereito ao voto con todas as garantías.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/03/2021 13:08:14

Raquel Arias Rodríguez na data 09/03/2021 13:08:39

Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2021 13:08:56

María Sol Díaz Mouteira na data 09/03/2021 13:09:06

José Antonio Armada Pérez na data 09/03/2021 13:09:18

José Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2021 13:09:33

Noelia Pérez López na data 09/03/2021 13:09:45

Paula Prado del Río na data 09/03/2021 13:09:58

José Manuel Rey Varela na data 09/03/2021 13:10:17

Ana Belén García Vidal na data 09/03/2021 13:10:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, consciente do profundo rexeitamento que a modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral xerou entre os galegos residentes no exterior, por vir a impor un procedemento no que os cidadáns teñen que solicitar ou rogar o voto para poder exercer este lexítimo dereito dende o exterior, xa dende un ano despois da súa implantación, ven reclamando ao Goberno de España a modificación da norma para a eliminación deste sistema, comunmente chamado, do voto rogado.

Tamén son reiteradas as nosas iniciativas pondo de manifesto a necesidade de modificar a normativa en materia de nacionalidade, que permita acceder a este dereito a todos aqueles descendentes residentes no exterior que foron privados dela por causas inxustas ou discriminatorias.

Así mesmo, hai que por de manifesto a existencia de outros problemas que afectan de forma moi importante aos galegos e demais españois residente no exterior, mais nestes tempos tan difíciles provocados pola pandemia da COVID-19, e polos que o Goberno de España non está facendo esforzo algún para atallalos, como son, a eliminación de case a totalidade de axudas as entidades e persoas do exterior ou os

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



continuos pasos para reducir de xeito importante ou mesmo facer desaparecer a representación dos españois do exterior nos órganos sectoriais consultivos, como é o “Consejo General de la ciudadanía española en el exterior”.

Acaba de acordarse a convocatoria de eleccións dos representantes dos “Consejos de Residentes Españoles”(CRE) nos diferentes países do mundo, nun momento tan complicado e con situacións tan diferentes, segundo a afectación da pandemia do COVID-19 en distintos continentes. É irresponsable convocalo sen que existan un mínimo de garantías sanitarias, de posibilidades de mobilidade, salvo que o que se busque sexa a non participación, tanto dende o punto de vista do sufraxio activo como pasivo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España:

1. Reiterar a necesidade de establecer un sistema para que todos os españois residentes no exterior poidan exercer o seu dereito de sufraxio coas mesmas garantías que os residentes no territorio español.
2. A avanzar na modificación da normativa de nacionalidade que permita acceder a este dereito a todos aqueles descendentes residentes no exterior, que foron privados dela por causas inxustas ou discriminatorias.
3. O cese por parte do Goberno de España na discriminación e abandono dos españois do exterior, volvendo a convocar e reforzando as axudas as entidades do exterior, especialmente aquelas de carácter social, así como as destinadas ás persoas en situación de necesidade, que en moitos casos, se viu agravada coa pandemia de COVID-19, atendendo non solo as que teñan dereito as Prestacións por Razón de Necesidade (pensións) que están garantidas na Lei.



4. O aprazamento da convocatoria das eleccións aos “Consejos de residentes Españoles” no exterior ata que existan condicións de garantía sanitaria adecuadas xa que, en primeiro lugar, debe garantirse o dereito a voto de todos os españois convocados, e en segundo, que é moi posible que non se poidan constituír en moitos países do mundo pola baixa participación, o que suporía unha falta de representación no máximo órgano consultivo do Goberno de España en materia de emigración”.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/03/2021 13:14:58

Raquel Arias Rodríguez na data 09/03/2021 13:15:17

María Sol Díaz Mouteira na data 09/03/2021 13:15:31

José Antonio Armada Pérez na data 09/03/2021 13:15:44

José Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2021 13:16:00

Noelia Pérez López na data 09/03/2021 13:16:10

Paula Prado del Río na data 09/03/2021 13:16:24

José Manuel Rey Varela na data 09/03/2021 13:16:42

Ana Belén García Vidal na data 09/03/2021 13:16:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, en demanda dun plan de reactivación urxente para os sectores culturais que atenda as demandas do propio sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio da Cultura Galega, dependente do Consello da Cultura Galega, acaba de publicar o Barómetro da Cultura Galega II, unha radiografía comparada do grave impacto da pandemia iniciada hai case un ano nos sectores culturais galegos.

Esta análise realizada en xaneiro de 2021 ofrece un contraste actualizado a respecto da ofrecida en xuño de 2020, o que achega unha perspectiva global dos efectos da pandemia na actividade cultural galega.

Entre algunhas das conclusións deste estudos cómpre salientar que este ano comezou con apenas un 34,9 % de empresas culturais que recoñecen estar a traballar con normalidade.

En canto á situación laboral, a crise segue a destruír emprego nas empresas do sector cultural, constatando un aumento de 3,5 puntos da porcentaxe de entidades que realizaron algún despedimento no segundo semestre de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia da crise, o 56,3% das empresas do sector cultural galego adiou ou desbotou os investimentos que tiñan previsto realizar no negocio no 2020 (7,5 puntos máis que en xullo).

Os tres problemas máis citados polos sectores culturais seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (80%), os de tesouraría (42,3%, 10,8 puntos menos que en xullo) e as dificultades para pagar impostos e seguros sociais (35,3%). En cuarto lugar atópanse agora as limitacións de cabida (32,3%).

Unha realidade que non permite aflorar mudanzas, pois, pensando no conxunto do sector da cultura, algo máis dun 60% non ven razóns para o optimismo de aquí a seis meses.

Novamente, as empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron o impacto das perdas en todos os parámetros

Entre as medidas de reactivación demandadas polas empresas da cultura destacan as axudas directas ou subvencións a fondo perdido, a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais e as axudas fiscais. Tamén destacan a flexibilización e rapidez das axudas, o adiamento no pago de impostos e seguros sociais, o aumento do gasto público en produtos e servizos culturais e a reactivación dos circuitos de concertos e teatros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a aprobar un plan de reactivación urxente dos sectores culturais que atenda ás súas especificades e diversidade e dea resposta ás súas demandas prioritarias:

- Convocatoria de axudas directas a fondo perdido, flexíbeis e de resolución rápida.
- Supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais e axudas fiscais.
- Aumento do gasto público en produtos e servizos culturais.
- Reactivación dos circuítos de concertos e teatros.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2021 13:36:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 09/03/2021 13:36:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/03/2021 13:37:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Prado Cores e Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de aumentar a dotación de persoal sanitario que ten prevista a Consellería de Sanidade para o novo Centro de Saúde de Bouzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que pasasen once anos dende que se presentase o proxecto para un centro de saúde na vila de Bouzas, a Xunta de Galiza ven de anunciar un novo prazo para a finalización da obra no primeiro semestre deste ano.

Ao longo deste tempo a proposta inicial sufriu de parálise, demoras e, tamén, de severos recortes. A proposta inicial contaba con 1.200 m² de superficie útil que ficaron reducidos a unha superficie total de 860 m². Este recorte traducíuse nunha redución do 50% do número de consultas de medicina xeral e de enfermería, pasando de 6 a 3 cada unha delas, da eliminación do servizo de pediatría e do espazo para dispor dun traballador/a social. É dicir, a Xunta anunciou un centro de saúde para Bouzas e pretende entregar un mini centro de saúde que non cubre as necesidades básicas.

A vila de Bouzas leva anos agardando a contar cun centro de saúde que dea servizo ás preto de 6.000 veciños e veciñas que residen nesta vila. A renovación do censo que viviu nos últimos anos e o proceso de recuperación do seu centro histórico non están sendo acompañados por un incremento dos servizos públicos, pois resulta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incomprensible que non se conte co servizo de pediatría e o número de consultas resulta a todas luces insuficiente. Esta actitude por parte da Xunta forma parte da súa estratexia de redución ao mínimo da Atención Primaria na cidade de Vigo. Estratexia á que nos opomos frontalmente dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego, xa que a Atención Primaria é un dos piares básicos que sustenta a sanidade pública e que precisa de forma urxente ser reforzada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Incrementar a dotación de persoal sanitario que ten prevista a Xunta de Galiza para o novo centro de saúde de Bouzas.
- Garantir a prestación dos servizos de pediatría e dun traballador/a social neste centro.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/03/2021 13:55:26

María do Carme González Iglesias na data 09/03/2021 13:55:29

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2021 13:55:36

Alexandra Fernández Gómez na data 09/03/2021 13:55:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia.

Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

Dentro desta situación, Galicia atópase no proceso de iniciar os grupos de vacinación de poboación xeral en estrutura por idade, segundo os criterios acordados no Consello Interterritorial de Saúde liderado polo Goberno de España a través do Ministerio de Sanidade. Nesta fase do procedemento, e tratando de cumprir os criterios de igualdade de acceso e oportunidade ante a vacinación, o sistema debe garantir as posibilidades de todas as persoas de se poñer a vacina que corresponda para cada momento e grupo obxectivo.

Debido ás circunstancias especiais de Galicia, poboación avellentada, dispersión desta poboación e dificultade nas comunicacións pola ausencia de transportes públicos de garantías fronte á covid-19, existen algúns casos que poden verse ante maiores dificultades de acceso. Este risco acrecéntase polo feito de que, debido ás condicións de mantemento das vacinas, e do operativo loxístico deseñado, os puntos de vacinación serán máis concentrados que a atención primaria, non vacinando en todos os puntos como centros de saúde ou consultorios. A combinación destes dous factores pode provocar dificultades relacionadas coas distancias, dificultade de mobilidade e recursos escasos para acceso a transporte privado no caso dalgunhas persoas, especialmente naquelas de idades máis avanzadas. Non en tanto, o Sergas debe garantir este acceso en igualdade de condicións para todas as persoas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en funcionamento todos os mecanismos necesarios para garantir o acceso en igualdade á vacina para todas as persoas, tendo especial atención ás persoas maiores que teñen dificultades de mobilidade ou de recursos para desprazarse aos puntos de vacinación que lles correspondan.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2021 14:04:01

Marina Ortega Otero na data 09/03/2021 14:04:08

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/03/2021 14:04:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopa a Torre de Caldaloba no concello de Cospeito e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a súa decapitación, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Así pois, este ben patrimonial declarado BIC en 1994, posúe un valor histórico e cultural incalculábel mais está a esmorecer por falta de conservación e malia a súa relevancia é aínda unha grande descoñecida para milleiros de persoas no noso país.

Cómpre lembrar que a Torre de Caldaloba atópase nuns predios propiedade privada nos que as esquinas do propio ben actúan a modo de marco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De acordo coa lexislación vixente, nomeadamente coa Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza as propietarias e propietarios privados teñen a obriga de salvagardar e conservar os bens patrimoniais que posúen correspondéndolle á Xunta de Galiza velar e esixir para que así sexa con todos os medios ao seu alcance.

Para o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o mantemento, a conservación e a posta en valor da Torre de Caldaloba é unha urxencia, tendo en conta o seu deterioro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar todas as medidas necesarias a comezar por abrir un proceso de diálogo coas persoas propietarias da Torre de Caldaloba e o Concello de Cospeito, para garantir a conservación e posta en valor da Torre así como a súa transferencia ao patrimonio público.”

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2021 16:37:33

Olalla Rodil Fernández na data 09/03/2021 16:37:45



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O Goberno ten previsto lanzar as primeiras convocatorias e licitacións asociadas a fondos europeos a partir do segundo trimestre do ano 2021, co obxecto de que haxa un "bo número" na primeira metade do ano para executar o orzamento, que se poidan constatar "resultados tanxibles" nun período de tres anos e que en seis exercicios se produza unha "aceleración" dos procesos que sitúen o estado español na vangarda en distintos eixos.

Nos orzamento do Estado para o ano 2021 xa se teñen consignados máis de 27.000 millóns de euros con cargo aos fondos europeos que a España lle corresponden.

Como xa é público e notorio, no reparto dos fondos España terá posibilidade de percibir 140.000 millóns de euros, para o cal é indispensable definir e remitir nun prazo inmediato o Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia coas reformas e inversións que se pretenden acometer con cargo aos fondos europeos .

O goberno do Estado ten avanzado que o Plan Nacional, composto por 10 liñas xerais e 30 compoñentes será remitido no primeiro trimestre do ano para a súa validación pola Comisión Europea.

Neste senso, os distintos ministerios do goberno do Estado están lanzando "manifestacións de interese" coa intención de pulsar o interese de administracións, sectores e empresas nos proxectos, constando a día de hoxe a participación de 800 empresas na manifestación referida a proxectos estratéxicos e máis de 4.000 no relativo a proxectos vinculados a reto demográfico.

En materia de cogobernanza, se ten anunciado reiteradamente que as comunidades autónomas e as entidades locais xestionarán en torno ao 58 % fondos no ámbito das súas competencias, para o que se realizarán convenios



marco nas conferencias sectoriais ao longo do primeiro semestre, co fin de ir transferíndolle fondos e executar proxectos en distintos ámbitos, como auga, medio ambiente, educación, vivenda ou axuda a pemes, e se distribuirán os fondos para que sexan elas as que executen as convocatorias.

Pola súa banda as comunidades autónomas deberán habilitar, pola súa banda, algún instrumento para que os concellos poidan executar os fondos.

A pesar de que ao longo dos últimos meses a Xunta de Galicia tiña anunciado que dende Galicia se tiñan remitido 108 proxectos o goberno do Estado, o certo é que no Pleno do día 9 de marzo o Sr. presidente da Xunta de Galicia anunciaba que a Xunta de Galicia tiña remitido aos ministerios sobre 44 proxectos para a súa avaliación e no seu caso para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Diante do exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir á Cámara galega no prazo de tres días a relación dos 44 proxectos anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia no Pleno do día 9 de marzo, con inclusión da Memoria relativa ao seu impacto no emprego, no crecemento económico, na competitividade e modernización do país.
2. Habilitar de xeito inmediato os instrumentos necesarios para que os concellos galegos poidan executar os fondos europeos.

B) O Parlamento galego acorda constituír de xeito urxente, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios, unha ponencia, coa participación de todas as forzas parlamentarias, dos axentes sociais e da Universidade galega, para conformar unha posición de país en torno a priorización dos proxectos que deben optar a asignación dos fondos europeos, para a súa inclusión no Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia.

Pazo do Parlamento, 9 de marzo do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Juan Carlos Francisco Rivera na data 09/03/2021 16:44:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 09/03/2021 16:44:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/03/2021 16:44:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación na que se atopa o transporte sanitario non urxente na EOXI da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A UTE Servicios Sanitarios de La Coruña é a concesionaria do transporte sanitario non urxente, ambulatorio e hospitalario, así coma tamén do transporte hospitalario urxente na área sanitaria da Coruña desde o ano 2006 ata a actualidade.

Aínda que a Administración é a responsable do labor de vixilancia do cumprimento dos contratos asinados, este control non se chegou a producir e desde o comezo da prestación do servizo véñense detectando numerosos incumprimentos do contrato establecido por parte da mencionada UTE. Estes feitos foron denunciados en numerosas ocasións por parte do persoal e sindicatos sen que se chegasen a reverter en ningún momento.

Un destes incumprimentos é o feito de que mentres que no prego de prescricións técnicas se estipula que a dotación de vehículos sería, cando menos, de 47 ambulancias para toda a área da EOXI da Coruña, a frota da empresa é moito menor.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro exemplo disto é que non se está cumprir a dotación de persoal mínimo das ambulancias asistenciais de clase C. Segundo o disposto no Decreto 52/2015 a dotación mínima estaría composta por unha condutora e unha enfermeira, coa posibilidade de habilitar a unha médica no caso de que a asistencia que se vai prestar o requira. Non obstante, a pesar de que no contrato asinado co Sergas figura a existencia de 4 ambulancias tipo C que deberan estar dispoñibles as 24 horas dos 365 días do ano, esta UTE non conta con persoal de enfermaría na súa plantilla aínda sendo a empresa concesionaria quen debe pór a disposición estas profesionais.

Toda esta situación vese agravada na actual pandemia, onde incluso se contraveñen as normas de saúde pública. A pesar da existencia de numerosas normativas que prohiben o transporte colectivo de pacientes con enfermidades infecto-contaxiosas, actualmente estase a vulnerar este punto ao trasladar todo tipo de pacientes sen ter en conta as súas esixencias específicas. Ademais do risco que isto supón para os propios doentes, moitos deles nunha situación de compromiso inmunolóxico, tamén o é para terceiras persoas como pode ser o propio persoal sanitario que realiza estes traslados. Do mesmo xeito, tampouco se cumpren os protocolos establecidos para a limpeza e desinfección dos vehículos despois de transportar a pacientes que precisan precaucións de illamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Investigar a situación na que se atopa o transporte sanitario non urxente na EOXI da Coruña, prestando atención ás denuncias feitas polo cadro de persoal.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Corrixir con efecto inmediato as deficiencias atopadas esixindo o cumprimento da totalidade do prego de contratación, así coma do resto de lexislación vixente.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/03/2021 09:54:17

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2021 09:54:22

Mercedes Queixas Zas na data 10/03/2021 09:54:31

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2021 09:54:39



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia Administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de valoración e orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVOs son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

Actualmente as valoracións para obter o recoñecemento de grao de discapacidade estanse a facer mediante valoracións telefónicas. Dada a casuística a tratar, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que de xeito inmediato e con tódalas precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, débense retomar as valoracións presenciais por parte dos EVOs. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a calidade da mesma.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Que presente o número de recoñecementos revisados que baixaron a porcentaxe de discapacidade no ano 2020 así coma os do ano 2019.
2. Que os EVO (Equipos de valoración e orientación) dependentes da Consellería de Política Social, retomen as valoracións presenciais para os recoñecementos de grao de discapacidade.”

Pazo do Parlamento, 09 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/03/2021 19:06:33

Julio Torrado Quintela na data 09/03/2021 19:06:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/03/2021 19:06:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os sectores de comercialización de carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando con criterios de benestar animal, tanto de vacún coma de ovino e cabrún están a padecer especialmente os efectos desta pandemia dun xeito alarmante, xa que a canle "HORECA" (hoteis, restaurantes, cafeterías, etc...) sufriu unha merma considerable e as diversas empresas agrícolas e gandeiras viron como os seus produtos non atopaban saída.

A resposta lenta e pouco ocorrente da Xunta de Galiza non chegou a tempo para axudar con efectividade a este sector e deixou en mans da gran distribución o poder de negociación na fixación de prezos agrarios, deixando case sen beneficios aos pequenos produtores primarios.

No caso do *vacún de carne*, dende o pasado mes de Abril do 2020, o prezo medio das liquidacións percibidas polos gandeiros/as reduciuse en 50 céntimos por Kg. de carne certificada baixo a IXP tenreira galega normal e tenreira suprema. A depreciación tórnase brutal no caso da carne de desvelle que, nalgúns casos, veu encaixar caídas no prezo do 50%.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso, dende o primeiro momento, o BNG insistiu na necesidade de activar axudas directas, de maneira urxente e a curto prazo, orientadas a paliar as **perdas producidas pola Covid-19** e garantir a continuidade das granxas, moitas delas presentes en zonas desfavorecidas e de alta montaña, que constitúen o único motor de desenvolvemento económico das comarcas.

Ante a inacción da Consellería de Medio Rural, varias asociacións agrarias chegaron a denunciar a falla de adopción de ningún tipo de medida de apoio para o sector perante o Consello Agrario Galego no mes de Xuño de 2020, protestas que tiveron continuidade coas concentracións de gandeiros/as diante da propia Consellería o día 25 de Setembro.

Foi neste momento cando a presión social os fixo espertar do seu somnolento desleixo e desde a Consellería convocouse o día 20 de outubro o comité de seguimento do PDR para modificar a planificación orzamentaria a fin de redistribuír os fondos para a creación de axudas directas para paliar o impacto da Covid-19 nos sectores do vacún de carne e de flor e planta cortada.

No **informe da Comisión** admitíase un impacto no sector agroalimentario e forestal derivado da crise da Covid-19 estimado nunhas perdas de 209 millóns de euros en Galiza naquel momento (o 0,33% do produto interior bruto galego).

E tiveron que transcorrer nada menos que sete meses dende a declaración da situación de emerxencia sanitaria en Galiza para convocar unhas axudas que se amosaron claramente insuficientes e antagónicas co discurso populista do goberno galego **de defensa do modelo familiar, tan característico do sistema agrario galego**.

O pasado 19 de xaneiro do presente ano, en reunión telemática cos seus homólogos de goberno no resto de territorios da cornixa cantábrica (Asturias, Cantabria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e Euskadi), acordouse un texto común no que se **recoñecía a singularidade e peculiaridade familiar das nosas granxas e a necesidade da súa defensa no marco das políticas rurais e da nova PAC.**

De todos é coñecido que na maioría dos casos estas explotacións agropecuarias teñen un tamaño pequeno ou mediano e un carácter profesional, pero sempre eminentemente familiar.

E dende o BNG nos preguntamos por que se deixan fora destas axudas tan necesarias ás 15.087 explotacións das 19.708 que hai en activo, o que supón máis da metade do total.

Resulta verdadeiramente curioso que sendo os defensores do modelo de agricultura e gandería familiar ***exclúan directamente aquelas granxas con menos de 10 vacas nutrices*** a día 14 de marzo de 2020, sendo ademais as maioritarias en Galiza.

Considera a Consellería de Medio Rural suficientes unhas axudas que só permiten compensar perdas a 4.621 produtores/as de gando vacún do total de 19.708 existentes en toda Galiza?

Por que se exclúen as granxas con menos de 10 vacas reprodutoras? Acaso as granxas con pequenas ganderías familiares non foron sufridoras tamén da baixa dos prezos nos mercados e das dificultades para colocar os seus produtos nas canles habituais de distribución?

Por que se destina un exíguo orzamento de 9 millóns de euros de fondos Feader (cuns insignificantes 12 millóns de euros de gasto público total) para cubrir tanto as axudas para vacún de carne como as de flor cortada e planta ornamental?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os fondos que se destinaron a esta axuda foron manifestamente insuficientes para cubrir a totalidade de explotacións de vacún de carne: os indicadores económicos do sector de vacún publicados pola Consellería de Medio Rural para o 2019, determinaron que existían en Galiza 19.708 explotacións con orientación de vacún de carne cun número total de 347.465 vacas reprodutoras, e 433 explotacións con orientación mixta cun número total de 18.675 vacas reprodutoras o que nos da unha media por explotación de 18,17 nais.

A demanda de carne de vacún está fortemente condicionada á recuperación da canle de comercialización HORECA, e do turismo. No primeiro dos casos, esa recuperación está sendo moi lenta, non só debido ao descenso do uso destes servizos por parte da poboación, senón tamén polas limitacións de aforo que aínda a día de hoxe proseguen en determinadas zonas. No segundo caso, no relativo ao turismo, é evidente a situación dramática que sufriu o sector, con peche de fronteiras, recomendacións de certos países para non viaxar a España e o peche de hoteis.

A única medida sectorial que tomaron dende a Consellería de Medio Rural para contrarrestar esta situación foi a modificación temporal do prego de condicións da IXP Tenreira Galega, que autoriza a *conxelación da carne* dende abril de 2020 e que acaba de renovarse recentemente para manterse ata o 31 de Xuño do 2021.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Establecer unha nova liña de axudas directas excepcionais para o sector do vacún de carne na presente anualidade 2021 dotadas economicamente cos recursos suficientes para non excluír sistematicamente as ganderías cun número inferior a 10 vacas reprodutoras.

2. Deseñar un plan estratéxico de acompañamento para definir as liñas urxentes de actuación sobre o sector do vacún de carne no período de transición cara a recuperación da nova normalidade.

3. Incluír en dita axuda un pago directo para aquelas explotacións compostas por persoas agricultoras a título principal, para as cales é o seu medio de vida fundamental. Este pago sería a maiores do que se asigna por vaca nutriz, e que non debería ser inferior en ningún caso aos 3.000 €/UTA).”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/03/2021 11:18:41

María González Albert na data 10/03/2021 11:18:51

María del Carmen Aira Díaz na data 10/03/2021 11:19:03

Ana Pontón Mondelo na data 10/03/2021 11:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de incrementar e mellorar os servizos de fisioterapia na Sanidade Pública na comarca da Mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da Sanidade Pública da Mariña continua a ser de extrema precariedade. A inmensa maioría dos servizos sanitarios presentan eivas tanto na cantidade de persoal como na cantidade de medios e, como non podería ser doutro xeito, o servizo de fisioterapia tamén está a sufrir estas eivas.

A día de hoxe podemos sinalar como o Hospital da Mariña en Burela soamente conta cunha soa médica rehabilitadora para preto de setenta mil habitantes. Unha profesional que evidentemente non é capaz de ofrecer un servizo de calidade e rápido, debido á evidente sobrecarga de traballo coa que ten que convivir. Esta sobrecarga faise aínda maior se temos en conta que no Centro de Saúde de Burela non existe este servizo, provocando que os e as doentes teñan que acudir á xa máis que sobrecargada profesional do Hospital Comarcal.

Mais este problema non se circunscribe soamente ao concello de Burela xa que a ausencia de profesionais desta especialidade pode dicirse que está xeralizada na totalidade da comarca. Deste xeito observamos como tanto no concello de Viveiro e no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ribadeo os seus centros de saúde non contan con servizo de fisioterapia na quenda de tarde. Isto ademais dá lugar a unha situación canto menos estraña na que na Atención Primaria dispoñemos de instalacións que están infrautilizadas, dotadas de material, nas que faría falta contratar fisioterapeutas para darlles total rendemento, alixeirar as agardas e evitar derivacións á privada que acaban sendo a última das consecuencias do desleixo deste servizo. Alén de todo isto, temos tamén os exemplos de Foz e Mondoñedo que a día de hoxe non teñen garantido a atención fisioterapéutica nos seus centros de saúde nas quendas de mañá e de tarde.

Finalmente é necesario que falemos do caso da fisioterapia de atención temperá no Hospital de Burela. Neste caso o servizo atende a nenos e nenas con idades entre os cero e seis anos. O servizo dispón de fisioterapeuta motora, pero esta non fai fisioterapia respiratoria, o que provoca que nos contextos nos que hai que impartilas conxuntamente os nenos e nenas reciben en Burela a rehabilitación motora, mais teñen que desprazarse ao HULA para a respiratoria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar cun ou cunha profesional da fisioterapia para as quendas de tarde aos centros de saúde de Ribadeo e Viveiro.
2. Dotar ao Centro de Saúde de Foz, unha vez exista o servizo de fisioterapia no concello de Mondoñedo, de un ou unha profesional da fisioterapia máis na quenda de mañá e de dous ou dúas na quenda de tarde.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Dotar ao centro de Saúde de Burela dos servizos de fisioterapia nas quendas de mañá e tarde.

4. Aumentar o número de médicos e médicas rehabilitadoras no Hospital da Mariña en Burela.

5. Garantir que o servizo de fisioterapia respiratoria de atención temperá se poida realizar no propio Hospital da Mariña previa contratación doutro ou doutra profesional.”

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 10/03/2021 12:16:16

Iria Carreira Pazos na data 10/03/2021 12:16:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2021 12:16:35

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2021 12:16:43





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias** e deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade solucionar de forma urxente as graves deficiencias do edificio Teixugueiras 15-17 en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio situado na rúa Teixugueiras nº 15-17 do concello de Vigo é un dos edificios de vivenda de protección pública máis grande de toda Galiza e que na actualidade atópase nunha situación absolutamente deplorable, xa que presenta numerosas patoloxías da edificación, deficiencias en termos de seguridade e de salubridade.

A Comunidade de Propietarios de dito edificio encargou xa no ano 2009 un informe que xa recollía parte das deficiencias que hoxe persisten. Máis recentemente, en xullo do 2020, volven encargar un novo informe que constata e amplía os problemas que presenta o edificio. Tal e como recolle o informe a maioría dos danos que se rexistran teñen un carácter estrutural.

Estes problemas tocan un amplo abano de casuísticas que deixan entrever que non estamos ante un problema puntual senón fronte a carencias profundas e estruturais. Existen numerosos problemas relacionados coa canalización de augas, filtracións e zonas anegadas que derivan noutras patoloxías como a formación de sales ou corrosión.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén se recollen no informe numerosos agretamentos, desprendementos e deformacións que afectan incluso a nivel estrutural. A simple vista pódense observar numerosas situacións nas que a armadura queda á vista con falta evidente de recubrimento. En termos de seguridade se observan anclaxes defectuosos dos sistemas de seguridade que poden pór en risco a seguridade das persoas.

A día de hoxe A Xunta de Galicia mantén a titulariedade en máis dun 50% das propiedades. A pesar das numerosas advertencias que os veciños realizaron, a Administración Pública competente continúa sen dar resposta.

Recentemente a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de recoñecer que é coñecedora desta situación e que asumirá as obrigas que lle corresponden tanto como promotor da edificación, así como propietario das vivendas. Sen embargo a Consellería esquivada dar unha data concreta na que se vai abordar o problema, mantendo á Comunidade de Propietarios e aos veciños e veciñas residentes no edificio nunha situación de desprotección, inseguridade e insalubridade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a iniciar no prazo máximo dun mes as accións necesarias para solventar as deficiencias e patoloxías rexistradas no edificio Teixugueiras 15-17.”

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/03/2021 12:48:51

María do Carme González Iglesias na data 10/03/2021 12:49:00

Xosé Luis Bará Torres na data 10/03/2021 12:49:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Na situación pandémica actual, o sector do comercio ambulante é un dos sectores económico máis golpeado e a súa recuperación vai ser complexa, posto que os ingresos de case a totalidade destas empresas ou persoas autónomas do ámbito do comercio ambulante son moi escasos dende a Declaración do Estado de alarma provocado pola Covid-19.

As medidas de prevención e control contra Covid-19 que a Xunta de Galicia estableceu foron unha serie de limitacións e restricións relacionadas coa apertura de establecementos e actividades en función das súas características específicas, condicionado polo sistema sanitario de precaución ante unha pandemia de crise sanitaria que aínda non terminou, interferindo e prexudicando substancialmente a actividade económica.

O grupo de empresas vinculadas ao sector económico desenvolvidas no campo do comercio ambulante está a ter graves consecuencias en Galicia causadas polas medidas adoptadas para garantir a seguridade sanitaria debido a Covid-19.

Na nosa Comunidade Autónoma dedícanse ao comercio ambulante 4.500 empresas e celébranse ó ano 7.000 mercados periódicos ó aire libre, entre semanais, quincenais e mensuais. Este ano debido a pandemia da Covid-19 en moitas vilas non se están levando a cabo todos estes mercados.

Neste sector do comercio ambulante as vendas baixaron un 80 % no ano 2020 con respecto ó ano 2019. O volume da afluencia de clientes que asisten ós mercados ó aire libre é só dun 20 % que antes da pandemia.

Este sector agora non pode montar os seus postos todos os días de mercado, perdendo clientela mes a mes e tendo como consecuencia a falta de ingresos. O



sector reclama á Xunta de Galicia que podan montar todos os postos nos mercados, coa distancia de seguridade establecida pola Administración autonómica e con todas as medidas hixiénico-sanitarias establecidas na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Ter en conta a situación do sector do comercio ambulante nas medidas restritivas para facer fronte a Covid-19 e facer a modificación, no primeiro semestre do ano, das medidas reducindo o aforo de clientes e ampliar a superficie para que todos os postos poidan montar nos mercados.
2. Manter unha xuntanza coa Plataforma galega de Comercio ambulante no primeiro semestre do ano.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/03/2021 13:04:11

Martín Seco García na data 10/03/2021 13:04:18

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 13:04:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a nova carreira investigadora anunciada pola Xunta de Galiza e as medidas que debe adoptar ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión plenaria do 9 de marzo de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anunciou na súa comparecencia que a Xunta de Galiza vai deseñar “unha nova carreira científica no Sistema Universitario de Galiza que fomente a estabilidade e impulse o talento dos nosos investigadores” e investigadoras, así como para aproveitar a potencialidade da Rede CIGUS de Centros de Investigación do Sistema Universitario Galego, co obxectivo de seguir avanzando na captación de talento “desde o convencemento de que a investigación é un elemento fundamental para a reactivación de Galiza”.

O persoal investigador galego vén denunciando desde hai anos as súas condicións laborais, a ausencia dunha carreira investigadora completa en Galiza que lles permita desenvolverse profesionalmente ao longo das diversas etapas formativas e, especialmente, profesionais así como a inestabilidade que soportan.

Porén, malia os anuncios feitos, descoñecemos o contido concreto dos plans da Xunta de Galiza nesta materia máis alá do enunciado polo conselleiro de Cultura e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Educación na súa comparecencia. De igual maneira, descoñecemos se esa “nova carreira investigadora” se vai estender ás demais áreas do goberno que tamén ten competencias en materia de I+D+i como a Consellaría de Industria e Innovación e GAIN ou a Consellaría de Sanidade e a ACIS.

Se ben, o Sistema Universitario Galego (SUG) é o principal motor na xeración de coñecemento e a produción investigadora e científica, a carreira investigadora non pode trazarse apenas desde un departamento senón que toda a política en materia de I+D+i debería implicar o conxunto do executivo nunha visión integral da mesma.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a deseñar, en diálogo coas organizacións representativas do persoal investigador galego, unha carreira investigadora que:

1. Sexa abordada de maneira integral e, polo tanto, implique o conxunto das áreas do goberno con competencias en materia de I+D+i.
2. Contemple todas as etapas, desde a formativa á profesional, para todo o persoal científico – técnico que desenvolve a súa actividade tanto no SUG como nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos do país.
3. Inclúa de maneira transversal a perspectiva de xénero para impedir que se produzan e reproduzan situacións de discriminación favorecendo a incorporación e desenvolvemento da carreira investigadora das mulleres.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/03/2021 16:34:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/03/2021 16:34:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/03/2021 16:35:01



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Plan de Infraestruturas Xudiciais de Galicia 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia, está moi lonxe de estar rematado.

Nestes anos o mesmo centrouse en grandes actuacións xudiciais coma o novo xulgado de Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, ambas tan necesarias e cuxas obras alongáronse tanto no tempo, e deixou de lado outras actuacións menores en edificios xudiciais, moitos dos cales presentan carencias graves.

No orzamento 2021 contempla un investimento de 285.000 € para obras menores en edificios xudiciais.

Cantidade que que nos parecen moi insuficiente tendo en conta as necesidades que existen en moitos xulgados do noso país.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos nas nosas emendas parciais un aumento desta cantidade, que non foi aceptada polo Partido popular.

A finalidade deste aumento orzamentario era poder adaptar as dependencias xudiciais ás necesidades que xorden en cada un dos xulgados do noso país e que mellorarían as condicións nas que se atopan moitos deles, dando un servizo moito máis axeitado aos seus usuarios e usuarias, e aos traballadores e traballadoras da xustiza.



Entre outras necesidades, entendemos coma prioritaria a de dotar aos edificios xudiciais de salas de agarda en condicións, para que a espera poda facerse cun mínimo de comodidade e dignidade.

Ou a necesidade de dotar a estes edificios de lugares onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade.

Do mesmo xeito, entendemos que tamén sería necesario a habilitación de prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que teñen que trasladar a persoas detidas ou presas e custodialas durante toda a súa estancia no xulgado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facer un informe sobre as carencias que presentan as infraestruturas xudiciais do noso país.
2. Elaborar, orzamentar e executar, un plan de actuación nos edificios xudiciais que presenten carencias, entre outras, nomeadamente, as seguintes:
 - Salas de agarda en condicións mínimas de comodidade e dignidade.
 - Zonas específicas onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para a asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade.
 - Prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo do 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 10/03/2021 16:29:28

Pablo Arangüena Fernández na data 10/03/2021 16:29:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 16:29:46



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O Next Generation Fond EU, en paralelo aos fondos europeos derivados do Marco Financeiro Plurianual para o período 2021-2027 (e o que resta por utilizar do período 2014-2020) constitúe unha oportunidade única para, en primeiro lugar superar os efectos da Covid-19, reforzar o sistema sanitario, reconstruír o tecido social e relanzar a economía.

Pero tamén para construír a Galicia dos próximos anos; unha Galicia de progreso e con capacidade de resistencia fronte ás adversidades, que aposte pola transformación tecnolóxica, apoiada na ciencia, na innovación e na dixitalización. Unha Galicia sustentable, que transforma o seu sistema enerxético no camiño da descarbonización plena e tira partido desta oportunidade e que coida o seu territorio.

En definitiva, un país que impulse a modernización das súas empresas e o seu tecido produtivo para gañar competitividade, cunha administración próxima e transparente e cunha aposta decidida pola cohesión territorial e social, con especial atención ao rural galego.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas, entendemos que Galicia debe aspirar a captar dos fondos Next Generation EU, para investir no territorio, unhas cantidades acordes a nosa poboación e á nosa produción económica, co obxectivo de chegar ao entorno dun 6 % de investimento público sobre o PIB nos vindeiros anos, entre 3.500 e 4.000 millóns de euros/ano para o conxunto das administracións. Cos efectos multiplicadores sobre o crecemento, o investimento privado e o emprego que se derivan deste esforzo.

Este esforzo require un modelo de gobernanza, baseado nun amplo consenso a través do diálogo social e político que permita establecer unha planificación estratéxica ate o período 2027-2030, reforzando a presenza dos fondos europeos no organigrama da Xunta de Galicia a través dunha comisión inter-



departamental específica e establecendo os instrumentos necesarios para implicar a iniciativa privada e conseguir o efecto multiplicador desexado.

E convinte lembrar que, no modelo de cogobernanza, unha parte moi importante dos fondos (ate o 58 %) serán executados pola Comunidade Autónoma e polas entidades locais. A Xunta de Galicia xa ten consignado nos orzamentos do ano 2021 uns 431 millóns de euros con cargo ao fondo REACT – EU e xestionará directamente unha parte dos Fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MMR) en ámbitos como vivenda, política social, educación e comercio, entre outros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego acorda, de acordo cos requisitos regulamentarios, crear unha Comisión non permanente para acadar a través do diálogo político e social un amplo consenso en torno os proxectos de país susceptibles de financiarse con fondos europeos Next Generation e os fondos dos períodos de programación, acordando no seo da mesma un plan estratéxico para Galicia cunha planificación temporal ata o período 2027-2030.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar a presenza dos fondos europeos no organigrama da Xunta de Galicia, mediante a creación dunha comisión inter-departamental específica, dotando de máis recursos aos servizos que deben levar adiante esta xestión.
3. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a creación dos instrumentos necesarios para implicar a iniciativa privada na consecución dos efectos multiplicadores necesarios.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2021 16:57:37
Nº Rexistro: 12460
Data envío: 10/03/2021 16:57:37.783

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/03/2021 16:40:36

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/03/2021 16:40:45

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 16:40:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG8L6qmkFW6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Os datos do Banco de España certifican que en Ourense quedaban abertas a finais do ano 2020, un total de 174 oficinas bancarias, cando fai dez anos existían 353. Ademais, en 26 concellos da provincia non existe ningunha sucursal bancaria. Fai dez anos eran 10 os municipios que carecían de oficina bancaria.

A exclusión financeira, como é lóxico, ten moito máis impacto nos concellos rurais que nos concellos máis urbanos da provincia, a pesar de que son estes onde se reflicte o maior número de sucursais pechadas. Soamente na cidade de Ourense, no período 2009-2019, pecháronse 50 oficinas bancarias.

No contexto do estado español, só cinco provincias teñen menos sucursais bancarias que en Ourense. En Galicia, Ourense, tanto neste como noutro ámbito, se sitúa a cola de oficinas bancarias abertas. En Galicia, dende o ano 2008, pecharon case 1000 oficinas.

No ano 2010 e 2011 contabilizouse o maior número de peche de oficinas na provincia de Ourense, ao pasar de 353 puntos de atención a 281, motivado basicamente polo proceso de fusión e posterior desaparición das caixas de aforro. En anos posteriores, especialmente despois do ano 2015, foron os procesos de fusións e adquisicións bancarias os que levaron a desaparición de moitas oficinas na provincia e tamén no conxunto de Galicia; especialmente impactante no rural ourensán, despois da desaparición das caixas de aforro, foi a desaparición do Banco Pastor e a do Banco Gallego.

Con todo, pese o peche de oficinas bancarias, os depósitos dos e das clientes e empresas manteñen un importante nivel de crecementos e superan xa os 9.200 millóns de euros. Pola contra os créditos se sitúan por encima dos 3.400 millóns de euros.



A pesar destes datos récord, en termos de activo e pasivo financeiro, as oficinas bancarias seguen a restrinxir servizos presenciais, obrigando aos e ás clientes a utilización de canles dixitais e medios telemáticos, reducindo o persoal dispoñible e a atención personalizada, feitos que teñen especial impacto nos concellos máis pequenos da provincia.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que elabore, en colaboración coas entidades afectadas e á maior brevidade posible, un protocolo que evite a exclusión financeira dos galegos e galegas garantindo a través de medidas concretas, a accesibilidade dixital bancaria ao conxunto da cidadanía do país, particularmente ás persoas maiores.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 10/03/2021 16:43:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/03/2021 16:43:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 16:43:52



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Nos anos 90 a Xunta de Galicia construíu dúas estradas de especial interese para o desenvolvemento económico e social dos contornos urbanos das cidades de A Coruña e Vigo, a AG-55 e a AG-57, ambas construídas cos obxectivos de desconxestionar os viarios existentes, aumentar a seguridade viaria dos cidadáns e cidadás que circulan por elas e incrementar a competitividade das empresas que desenrolan a súa actividade económica neses contornos.

A primeira delas, a AG-55 entre A Coruña e Carballo, naceu sendo un vial público e gratuíto e como tal foi inaugurado en 1993 o tramo entre A Coruña e Laracha, ata que no ano 1997 no momento de inauguración do segundo tramo entre Laracha e Carballo privatizouse e pasou a ser unha autopista de peaxe, nun proceso de expolio a aqueles que lle foran expropiados os seus terreos para a construción dunha autovía pública, dende o primeiro momento contou cunha forte oposición social, algo que continúa presente debido ao lastre económico que supón para as comarcas de A Coruña, Bergantiños e Costa da Morte e para o asentamento da poboación nas zonas rurais das comarcas antes mencionadas.

No ano 1999, cunha Xunta de Galicia gobernada polo PP, que apostaba pola construción de autopistas de peaxe, inauguraron a AG-57, entre Puxeiros e Val Miñor e dende aquela os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, moi afectados polas peaxes que ten dita autopista piden a súa eliminación para non lastrar a economía das súas empresas e conectar os concellos da comarca co Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o Parque Tecnolóxico de Valadares.

Ambas autoestradas autonómicas teñen fortes similitudes e nos seus ámbitos levan anos pedindo a liberación polos motivos antes enumerados e para contribuír a acadar unha maior equidade e igualdade, posto que a Xunta de Galicia leva



realizando desde hai anos as súas actuacións en materia de autoestradas e autovías por sistemas que non imponen peaxe algún para a cidadanía. Polo que resulta máis incomprensible que os veciños e veciñas do Val Miñor e a Costa da Morte se vexan gravados fronte o resto da cidadanía galega, xa que a totalidade de vías de altas prestacións da comunidade autónoma son gratuítas (AG-56 Santiago – Brión – As Galanas (N-550) - Pardiñas, Salnés, Barbanza, A-52 – Portugal, Morrazo, AG-53 e AG-54 conexión ca autoestrada Santiago a Ourense, etc...).

A propia *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, xa contiña tal posibilidade, ao establecer no seu artigo 30.2 que *“nos treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou anular o pagamento directo pola persoa usuaria”*.

Por outro lado, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade reduciu as tarifas das autovías galegas, pero que unicamente serían aplicables para empresas do transporte e en horario nocturno e anunciou que o faría tamén para familias numerosas, medidas positivas pero que terán uns efectos insuficientes para a cidadanía afectada, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos a realización dun estudo inmediato da liberación de ambas peaxes e o establecemento inmediato dunha rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias de ambas autoestradas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización das peaxes da autoestradas competencia da Comunidade Autónoma, a AG-55 de A Coruña a Carballo e a AG-57 de Puxeiros – Val Miñor.



2. Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias das citadas autoestradas autonómicas, superando o marco establecido no Decreto 183/2015, do 10 de decembro, polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo(AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

Pazo do Parlamento, 10 de marzo do 2021

Asdo.: Martín Seco García

Leticia Gallego Sanromán

Patricia Otero Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/03/2021 16:52:22

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/03/2021 16:52:33

Patricia Otero Rodríguez na data 10/03/2021 16:52:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/03/2021 16:52:52

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 16:53:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Para falar con propiedade da AG-55 cómpre facer historia. Nos anos 90 decidiuse construír unha nova autovía pública, que uniría a cidade da Coruña con Carballo para contribuír a un maior desenvolvemento económico, social e industrial e para mellorar a seguridade de tránsito de dous viarios como son as AC-552 e a AC-415 que tiñan un tráfico moi denso.

A realidade é que despois da inauguración do segundo tramo Laracha-Carballo, este viario privatizouse e pasou a ser unha autoestrada de peaxe e a poboación mobilizouse con multitude de actos reivindicativos: caravanas de automóbiles, concentracións, iniciativas parlamentares, manifestacións, recollida de sinaturas etc... pero ao final a infraestrutura pasou a estar xestionada pola empresa ENASA, vinculando tamén a de Puxeiros Baiona.

Un dos obxectivos cos que nacera a autovía, que era desconxestionar as estradas AC-415 e AC-552 non foi conseguido por incorporar peaxes e, polo tanto, que unha parte importante da circulación pesada siga a circular por estes viarios.

O territorio polo que transcorre a AG-55 medrou e as súas infraestruturas de comunicación e o seu tecido industrial o que fai que os problemas de saturación e seguridade viaria aumentaran, pero pese ás múltiples peticións das localidades dende Arteixo ata a Costa da Morte, que piden o rescate desta concesión, no ano 2005, en vésperas das eleccións autonómicas, o Goberno galego aumentou a concesión a AUDASA ata o ano 2045

A existencia destas peaxes está a lastrar o futuro social e económico das comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, que necesitan ter unhas boas comunicacións para o seu desenvolvemento e o asentamento da súa poboación, polo que ao mesmo tempo que o Goberno do Estado está a facer un esforzo para abaratar as peaxes da AP-9, que tamén sufriu a ampliación da concesión por parte dos gobernos do PP, tamén pode o Goberno galego, facer un esforzo e liberar unhas peaxes que lastran o futuro dunhas comarcas importantes da provincia da Coruña.



Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Presentar, no prazo de seis meses, os estudos precisos para proceder á liberalización da peaxe da autoestrada competencia da Comunidade Autónoma AG-55 da Coruña a Carballo

2º) Establecer de xeito inmediato a rebaixa das peaxes para a totalidade das persoas usuarias da citada autoestrada autonómica, superando o decreto polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe da autoestrada A Coruña - Carballo (AG-55).

Pazo do Parlamento, 9 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/03/2021 11:55:45

Patricia Otero Rodríguez na data 10/03/2021 11:56:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/03/2021 11:56:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 10/03/2021 11:56:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre a situación da muller no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da muller no rural galego mudou ao longo dos anos quedando aínda moitísimo para que haxa garantía de que poida vivir en igualdade.

Con motivo do 8 de marzo saen á luz un sen número de datos e todos subliñan que a muller en xeral cobra menos por facer os mesmos traballos, a falta de corresponsabilidade nos coidados incrementa a xornada laboral non asalariada para a muller... sendo isto un mal que tarda en demasía en resolverse.

No rural agrándanse as dificultades, a dobre xornada convértese en tripla porque o traballo soe estar no mesmo lugar que a casa, a posibilidade para conciliar límitase por ausencia de servizos básicos no rural o que limita as posibilidades de que unha muller se quede ou incorpore ao tecido produtivo rural.

Tristemente hai unha ausencia crónica de políticas públicas que fomenten unha vertebración do rural, e que permitan que a vida da súa xente se desenvolva dun xeito digno, nomeadamente para as mulleres, que é o tema que nos ocupa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar un estudo en profundidade sobre a situación de desigualdade que atinxe as mulleres nos espazos rurais no ámbito laboral, no económico e no acceso aos servizos públicos. Este estudo deberá servir de punto de partida para a elaboración dun Plan de igualdade específico para o medio rural debidamente orzado que inclúa, entre outras medidas: accións formativas, dotación de servizos que favorezan a conciliación, campañas a prol da corresponsabilidade, facilitación (fomento) do acceso das mulleres aos órganos de toma de decisións, como os consellos de administración das cooperativas ou das industrias agroalimentarias.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 11/03/2021 09:36:55

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 09:37:10

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2021 09:37:16

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2021 09:37:24





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Olalla Rodil Fernández** e o deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, e debido á contestación social no Caurel, a Xunta de Galiza anulou o concurso de transporte que a consellería de educación tiña en curso, por un valor de 81 millóns de euros, recoñecendo de paso, e como puido, que había erros non subsanábeis e que xeraba confusión considerable.

Evidentemente ese prego de condicións fíxose sen coñecemento da realidade xeográfica, orográfica e social da Serra do Caurel, denotando que se traballa de xeito automático sen recoñecer as distintas realidades que se viven na Galiza. Deste xeito, logrouse nun só intento maltratar ás crianzas, alonxándolles as paradas e obrigándoas a pasar unha parte excesiva da súa infancia metidas nun vehículo inadecuado e por outra, deixar sen emprego a 6 persoas que a maiores do transporte escolar daban un servizo de transporte público á poboación.

Ante este pasado recente quédanos unha pregunta no aire, o seguinte concurso respectará o tecido socioeconómico do Caurel?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ben poderíamos pensar que igual á segunda tampouco vai a vencida, tentaremos explicar de novo as necesidades trasladadas pola poboación caurelá para que sexan tidas en conta.

A cuestión é sinxela, debe o goberno galego preguntarse que medidas teñen que ser tomadas neste concurso para que dende el se poida vertebrar o Caurel para afortalar a fixación de poboación, o benestar das súas crianzas e o fomento do emprego para dúas cousas de boa importancia, o mantemento destas familias no concello e o mantemento de servizos públicos para a poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a habilitar un concurso para os lotes de transporte escolar en xeral e, do Caurel en particular, que recolla as necesidades derivadas das características propias do territorio, e da súa poboación, pasando isto obrigatoriamente por separar, como mínimo, o lote correspondente ao Caurel. Este concurso deberá ter en conta o benestar infantil, máis alá do esixible cumprimento da legalidade e fomentará o mantemento do tecido social do Caurel establecendo para isto fórmulas que permitan que os empresarios instalados no concello poidan concursar en igualdade de condicións que as grandes empresas de transporte.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputado do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Viceortavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 11/03/2021 10:36:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/03/2021 10:36:43

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2021 10:36:51





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a sentenza ao presidente da Federación Galega de Fútbol Rafael Louzán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rafael Louzán, presidente da Federación Galega de Fútbol e ex-alto cargo do PP, foi condenado polo xulgado do penal número 3 de Pontevedra a dous anos de prisión e oito de inhabilitación para o exercicio de cargo público polos delitos de prevaricación e fraude, cometidos pola adxudicación irregular das obras de construción do campo de fútbol de Moraña. Polos mesmos feitos tamén foi condenada a xefa territorial da Xunta en Pontevedra Luísa Piñeiro.

Mentres que Luísa Piñeiro dimitiu do seu cargo debido á gravidade dos feitos e da condena, Rafael Louzán segue exercendo como presidente da Federación Galega de Fútbol o que implica xestionar centos de miles de euros de fondos públicos e tomar decisións en relación con feitos como os que acarrearón a súa condena.

Máis alá da valoración legal e do feito de que a sentenza non sexa firme, estamos a falar de feitos de extrema gravidade e que son censurábeis desde o punto de vista da moralidade, da ética e da exemplaridade con que deben actuar as persoas que teñen responsabilidades públicas. Máis aínda se cabe nun ámbito como o deportivo no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as persoas dirixentes deben ser exemplo para a sociedade e para as xeracións máis novas.

Desde que se fixo pública a sentenza o pasado 5 de febreiro pasou máis de un mes sen que a Presidencia da Xunta, da que dependen as competencias en materia deportiva, actuase neste caso para velar pola integridade e exemplaridade que debe presidir o funcionamento dunha institución tan relevante como a Federación Galega de Fútbol. A lei do deporte proporciona instrumentos nos seu artigo 57 para intervenir nun caso coma este e, ademais, o Comité Galego de Disciplina Deportiva, regulado nos artigos 91, 92, 93 e 94 da citada lei, ten entre as súas funcións intervenir incoando un expediente disciplinario e adoptando medidas preventivas.

Ademais, a Presidencia da Xunta, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, debe velar polo cumprimento dos estatutos da Federación Galega de Fútbol, que establecen no artigo 31 que os dirixentes da entidade deben reunir como requisito “non estar inhabilitados para desempeñar cargos públicos”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego adopta como resolución reprobar a actuación do presidente da Federación Galega de Fútbol Rafael Louzán, condenado a 2 anos de prisión e 8 de inhabilitación para o exercicio de cargo público polos delitos de prevaricación e fraude cometidos pola adxudicación fraudulenta das obras de construción do campo de fútbol de Moraña. Esta reprobación susténtase, mais alá da gravidade dos feitos e da severidade da condena xudicial, pola exemplaridade e o código ético que deben rexer a actuación dos representantes públicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a incoar expediente disciplinario ao presidente da Federación Galega de Fútbol e adoptar as medidas preventivas acordes coa gravidade dos feitos que deron lugar á sentenza xudicial.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro Garica

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/03/2021 11:27:16

Daniel Castro García na data 11/03/2021 11:27:23

Iria Carreira Pazos na data 11/03/2021 11:27:32

Xosé Luis Bará Torres na data 11/03/2021 11:27:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A necesidade da dragaxe do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende hai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sofre o porto deportivo de Foz, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias *zodiacs* de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG de Foz ten amosado publicamente o seu apoio ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa no ano 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometese esta dragaxe.

No Parlamento de Galicia, na Comisión 8ª de data 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de lei na que se instaba a Xunta de Galicia a que realizase esta dragaxe de xeito urxente. De novo o 12 de setembro de 2019 aprobouse no Parlamento de Galicia tamén por unanimidade outra proposición para acometer unha mellora integral do Porto Chico de Foz.

O 20 de decembro de 2019 este grupo parlamentario preguntáballe en Comisión á presidenta de Portos, se existía nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 unha partida que contemplase a contratación da asistencia técnica que serviría para preparar a documentación e iniciar os estudos correspondentes para poder facer a dragaxe deste porto, así como a cantidade destinada a tal fin. A súa resposta foi que a obra de dragaxe se acometería, pero que non estaba prevista executala no ano 2020 e que se atopaba en fase de redacción dos pregos para contratar a asistencia técnica dos estudos de impacto ambiental de diversas dragaxes en Galicia.

Pero o certo é, que a pesar dos acordos parlamentarios e dos anuncios da Xunta de Galicia, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen a empeorar, sen que a Xunta de



Galicia aporte ningunha solución. A falta de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír do dito porto, coa conseguinte falta de seguridade que isto implica. O problema dase coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións.

Por iso é urxente que a Xunta de Galicia poña remedio a estas situacións e leve a cabo unha reestruturación do porto deportivo de Tupide, coa modificación da bocana, dragaxe e ampliación de servizos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que neste ano 2021 leve a cabo a reestruturación do porto deportivo de Tupide en Foz, coa modificación da súa bocane, dragaxe e ampliación de servizos.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2021 11:44:50

Julio Torrado Quintela na data 11/03/2021 11:45:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 11:45:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

As universidades públicas galegas levan décadas comprometidas coa igualdade real entre homes e mulleres como valor transversal. Non en van, mesmo antes de que a normativa universitaria obrigase a iso, as institucións académicas contaban con departamentos dedicados especificamente a esta materia.

Tanto a Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela como a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ou a Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña levan bastante máis dunha década traballando a prol da igualdade coa realización de protocolos, plans de actuación, investigacións sobre xénero, campañas de prevención da violencia machista ou mesmo mediación en situación de conflitos.

Ademais, estes departamentos universitarios manteñen unha estreita colaboración con diversas administracións e institucións galegas, estatais e internacionais na consecución da igualdade de xénero e na loita pola erradicación da violencia.

Entre estas institucións colaboradoras figura loxicamente a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Igualdade, que nese exercicio orzamentario 2021 decidiu reducir á metade a partida de transferencias correntes a universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero do seu programa 313D Protección e Apoio ás Mulleres que sofren violencia de xénero.

Diante desta mingua de recursos ás universidades públicas para accións contra as violencias machistas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dobrar no presente exercicio a partida de transferencias correntes ás universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero e recuperar así o que estaba orzamentado en 2020.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 11/03/2021 12:00:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/03/2021 12:01:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 12:01:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar una estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. O deseño da produción eléctrica na Galiza caracterizouse por ser un deseño alleo, dende a esfera estatal, onde os poderes públicos galegos non tiveron nunca voz nin voto, e foi tamén e en consecuencia un deseño contrario aos intereses e necesidades da Galiza.

Un dos exemplos máis evidentes atopámolo no desenvolvemento da enerxía hidráulica e a conseguinte construción de presas e encoros, cunhas fortísimas consecuencias sociais e medioambientais no noso territorio, unha concepción franquista co obxectivo de subministrar enerxía ao centro do Estado sen que nin o noso país nin as propias zonas afectadas obtivesen compensación ou beneficio de ningún tipo.

As compañías eléctricas explotan na Galiza a maior parte das centrais hidráulicas existentes e fano a través de concesións outorgadas polo Estado con duracións que, na actualidade e nalgún caso, poderían superar os 160 anos. Parte delas mesmo foron transferidas a mans privadas no último cuarto de século mediante o





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de privatización das empresas públicas do extinto INI, o que permitiu aumentar o crecente negocio do sector. En todo caso, a gran maioría das centrais hidroeléctricas foron construídas hai xa décadas, sendo investimentos que, debido á estrutura do mercado eléctrico, están sobradamente amortizados, converténdose na práctica nunhas máquinas de xerar beneficios grazas a decisións políticas discrecionais e ao uso privado que realizan dun ben público como é a auga.

Recuperar a xestión pública das centrais é unha cuestión estratéxica. Cabe ter en conta que como consecuencia dos procesos de privatización, as compañías fixéronse cunha serie de instalacións construídas con investimentos públicos e cuxa produción e beneficio é para elas. A xestión pública dos saltos e encoros permitiría á administración galega a obtención de recursos e o deseño de medidas que revertan no beneficio das zonas afectadas polos mesmos, especialmente na xestión da produción eléctrica, de xeito que os habitantes das zonas afectadas, en especial aqueles con condicións económicas e sociais máis desfavorábeis, poidan ter unha menor factura do seu consumo eléctrico, medida social incluída na Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Confederación Intersindical Galega (CIG), apoiada por todos os grupos no Parlamento galego excepto o PP, e que tamén demandaba a reversión dos aproveitamentos hidroeléctricos á xestión pública, polos organismos de conca ou por entidades públicas creadas para iso, con fins de utilidade pública e interese social, de forma que o citado recurso actúe como vector de crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade.

Criterios políticos como a Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas -gobierno socialista- auto-conferiron ao estado a función de outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico nas concas hidrográficas que excedan o ámbito territorial dunha soa Comunidade Autónoma, creando os organismos de conca, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, entidades de dereito público con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

personalidade xurídica propia e distinta da do estado, cun ámbito territorial que comprende unha ou varias concas hidrográficas indivisas. Entre as súas atribucións e labores figuran o outorgamento de concesións referentes ao dominio público hidráulico, e as súas declaracións de caducidade e reversións mediante procedemento de extinción regulado no Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, no que se contempla a remisión á Comunidade Autónoma onde se encontren as obras ou se utilicen as augas da copia do expediente, para que no prazo de dous meses poida manifestarse.

Nos últimos días veñen de publicarse por parte de Augas de Galiza varios expedientes expediente de extinción do título concesional relativos ao aproveitamento hidroeléctrico de diversas centrais hidroeléctricas da bacía Galiza Costa.

Nos anuncios realizados nos boletíns oficiais, así como na información facilitada polo organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na súa páxina web non se facilitan datos concretos sobre os expedientes, e mesmamente se emprazan aos interesados a desprazarse ata as instalación de Augas de Galiza para consultar esta, algo inaudito nun tempo no que a administración dixital é de obrigado cumprimento.

As concesións de aproveitamento hidráulico suxeitas a expediente de extinción son as que figuran na seguinte táboa:



Central	Río	Concello	Concesionario actual
Novefontes,	Lañas	Touro	Santiago M. Alonso Ucha
Zarzo	Zarzo	Pademe	Manuel Coira García
Salto de Ponte Inferno	Verdugo	Ponte Caldelas e Soutomaíor	Naturgy Wind, SL
Salto de Fervenzas	Fervenzas	Coirós	Enel Green Power España, SL
Salto da Castellana	Mandeo	Aranga e Curtis	Enel Green Power España, SL
Salto de Güimil	Lambre	Vilarmaíor e Irixoa	Naturgy Generación, SLU
Salto do río Forte	Forte ou Landoi	Cariño	Gas Natural SDG

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Recuperar a xestión pública destas centrais como parte dun deseño enerxético propio pensado para garantir os dereitos das galegas e galegos e reverter a situación actual na que o noso País subministra enerxía ao centro do Estado sen que nin Galiza nin as propias zonas afectadas obteñan compensación ou beneficio de ningún tipo. Este deseño enerxético estaría enfocado a ter unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos nosos recursos enerxéticos que posibiliten o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crecemento económico en sentido amplo, e supoña progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade

2. Adoptar as medidas necesarias nestas concesións hidráulicas para evitar o impacto ambiental nas concesións nas zonas protexidas por figuras de protección ambiental, como a Rede Natura 2000 ou á ampliación da Rede Natura e avaliar aqueles casos nos que deben eliminarse as instalacións.

3. Garantir o acceso telemático na información pública destes expedientes e paralizar a tramitación dos expedientes en curso, ata que se poña solución a esta eiva que impide acceder á información á cidadanía.

4. Impulsar a creación dunha Empresa Pública Galega de Enerxía como aposta pola planificación, impulso e participación nos diferentes sectores enerxéticos, nos recursos e nas infraestruturas e servizos.”

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 15:31:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/03/2021 15:31:58

Mercedes Queixas Zas na data 11/03/2021 15:32:06

Iria Carreira Pazos na data 11/03/2021 15:32:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/03/2021 15:32:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o control das residencias de maiores de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 71 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galiza establece a obriga da Xunta de Galiza de inspeccionar e controlar o funcionamento das entidades, centros, os servizos e os programas, tanto públicos coma privados, a fin de verificar o estrito cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como velar polo respecto aos dereitos das usuarias e procurar a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns no territorio de Galiza.

Asemade, a devandita lei, establece expresamente a obriga da Xunta de Galiza de dar traslado á autoridade competente das infraccións das que puidera ter coñecemento en exercicio da súa función inspectora, respecto da cal o contido das actas levantadas polos inspectores da Administración Autonómica gozarán de valor probatorio.

Malia o anteriormente exposto o certo é que a Xunta de Galiza ven incumprindo tal obriga, obviando a realización de controis periódicos nas residencias e centros de maiores, mesmo a pesares de apreciar a existencia de irregularidades ou incumprimentos de compromisos contractuais. A sinalada negligencia e deixación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcións, vese agravada por unha incomprendible actitude obstrucionista negando o acceso á información solicitada aos deputados e deputadas do Grupo do BNG no Parlamento de Galiza impedindo o exercicio das súas función de control da acción de goberno, só parcialmente corrixida.

O traballo do servizo de inspección da Consellaría de Política Social (que conta cun número de efectivos notablemente insuficiente para atender o importante labor encomendado) non se ve correspondido -antes ao contrario- pola dirección da Consellaría de Política Social.

Así, resulta sorprendente a pasividade da Xunta de Galiza ante a constatación do incumprimento da ratio entre persoal de atención directa/usuario, máxime cando non só é unha obriga legal, senón que frecuentemente é un dos criterios fundamentais na adxudicación da contratación do Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia.

Igualmente ilustrativa é a tolerancia fronte a falla de actualización nos rexistros, na elaboración dos PAIs, e no contumaz incumprimento do establecido no artigo 7.2 do Decreto 254/2011 que obriga a ter no centro a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a prestación do servizo, ou non servir para o xantar os menús programados.

Maior gravidade, se cabe, tería o feito de silenciar e non comunicar ao Ministerio Fiscal ou autoridade xudicial eventuais aplicacións de medidas de suxeición ou de limitación da mobilidade sen contar con prescrición facultativa ou consentimento previo, pois tal accións poderían encubrir a comisión dun eventual ilícito penal, constituíndo, en todo caso, un atentado contra a dignidade do/a maior residente no centro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Revelador dos intereses que se protexen en cada caso sería unha eventual adxudicación de contratos de reserva ou ocupación de prazas residencias en centros sobre os que exista a presunción de incumprimentos de carácter grave ou moi grave. Sería admisible que ante a constatación de graves incumprimentos en materia de coidados, plans de prevención, de ratios de persoal adicado a atención ... se encomendase a continuidade na atención a maiores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

a) Remitir ao Ministerio Fiscal ou Autoridade Xudicial de todos os casos que se detectaren en residencias e centros de maiores de aplicación de medidas de suxeición sen previa prescrición médica ou consentimento.

b) Solicitar informe da asesoría xurídica da Xunta sobre as consecuencias que tería nun procedemento de contratación que a adxudicataria fose sancionada pola comisión de infraccións graves ou moi graves por feitos producidos na execución de contratos públicos anteriores e de idéntico contido ao que se adxudica.

c) Proceder ao incremento dos recursos humanos e materiais do servizo de inspección de Política Social que posibilite o control do estrito cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como velar polo respecto aos dereitos das usuarias dos centros e residencias de maiores.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/03/2021 16:07:40

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2021 16:07:49

María González Albert na data 11/03/2021 16:07:58

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2021 16:08:08



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O ferrocarril de Ancho Métrico Ferrol-Xixón, que forma parte do corredor viario que discorre por toda a costa cantábrica, está próximo a cumprir medio século dende a súa inauguración, aínda que nalgún tramo xa viña funcionando dende comezos do anos 60. A través de 320 km conecta directamente 47 localidades de Galicia e Asturias e dá servizo a outras moitas que se atopan nun radio de proximidade a aquelas que dispoñen de estación.

Durante estas décadas representou un importante medio para conectar localidades que, nunha parte considerable do seu traxecto, non dispoñen de alternativa terrestre organizada e permanente de traslado colectivo de viaxeiros para facer posible o desprazamento entre elas, agás que se recorra á utilización do vehículo privado.

Baste tomar como exemplo unha das comarcas, a Mariña lucense, para comprobar que un servizo ferroviario adecuadamente organizado estaría en condicións de garantir os desprazamentos a través das súas principais localidades para miles de persoas que están obrigadas a facelo a diario por razóns laborais, de estudos, médicas, administrativas ou de índole turística, tendo en conta ademais que discorre en paralelo á costa cantábrica e ás súas praias.

Tamén se debe de considerar o potencial que ten para o traslado de mercadorías- que na actualidade é moi reducido- tendo en conta que polo corredor cantábrico se estima que existe un movemento da orde de 800.000 toneladas anuais entre as distintas comunidades.

Durante as últimas décadas o Ancho Métrico sufriu un progresivo abandono tanto nos equipos, moi antigos, coma nas súas instalacións (estacións, accesos e vías), así como no que se refire á ordenación e nas frecuencias.

En conclusión, nin a oferta de transporte nin as condicións nas que se realiza están axustadas ás necesidades das comarcas que este ferrocarril atravesará. O deterioro afecta enormemente á calidade do servizo (con frecuentes



interrupcións) e constitúe un elemento que obxectivamente reduce a utilización do tren e como consecuencia o número de viaxeiros.

Non obstante, o número de comarcas e localidades que conecta (Ferrolterra, Ortegal, a Mariña lucense, Avilés ...) con centos de miles de veciños e veciñas, as necesidades de transporte destas e a súa condición de medio de conexión entre dúas comunidades autónomas, xustifica a realización durante os próximos anos dun esforzo investidor razoable que permitan recuperar plenamente a calidade do servizo ferroviario.

Un primeiro e importante paso adiante levouse xa a cabo coa adquisición o pasado 29 de decembro de 2020 por RENFE -no marco do Plan de renovación da frota e tras anos de abandono- de 31 trens de Ancho Métrico que prestarán servizos, entre outras, ás comunidades de Galicia e Asturias.

Por todo iso é importante que no menor prazo e de maneira sostible a esta iniciativa se sumen outras que permitan ofrecer aos viaxeiros e ás comarcas e comunidades que atravesa un servizo moderno e eficaz.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que continúe coas melloras iniciadas no ferrocarril Ancho Métrico Ferrol-Xixón, contemplando actuacións nos seguintes ámbitos: limpeza, roza e mellora da liña; mantemento e mellora das estacións; estudo de posibles novas estacións e apeadoiros en función da demanda; mellora progresiva do material rodado e revisión das frecuencias actuais conforme á recuperación da demanda.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2021 17:12:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/03/2021 17:12:48





Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:13:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá leván véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles-, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Têxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando



cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a Xunta de Galicia deseñe e desenvolva un plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- a) A diagnose das posibilidades e oportunidades de investimento nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal en sintonía co tecido empresarial, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e estatal e a sociedade civil.
- b) A presentación de proxectos radicados nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para optar aos fondos *Next Generation*.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 11/03/2021 17:20:41

Martín Seco García na data 11/03/2021 17:20:56

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/03/2021 17:21:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:21:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal levan véndose intensamente afectadas pola perda de tecido produtivo e un elevado desemprego desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que ronda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da actual pandemia, a decisión adoptada pola empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, derivada do enorme incremento do custo dos dereitos de emisión no mercado europeo –decisión pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles-, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche de empresas como Poligal e os problemas de moitas outras como Galicia Téxtil pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de porqueta ás dificultades empresariais da zona e de toda Galicia, que vai xerar con elevada probabilidade a perda de empresas e un significativo incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que se pretende deslocalizar a Portugal como fixeron centos de empresas de toda Galicia na última década.

A folga xeral celebrada o 10 de marzo é un exemplo da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial, agravada pola falta de carga de traballo de Navantia á espera do comezo da fabricación das fragatas F110, que vai implicar o maior investimento industrial da historia pero ten uns períodos de desenvolvemento que non palían a situación actual para a propia Navantia e a industria auxiliar. Lembremos que a situación do sector naval é extremadamente complicada por motivos completamente alleos a calquera goberno, sendo xa moi complicada antes da pandemia e despois da pandemia é aínda moito máis complicada pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, que fai que se reduzan drasticamente os pedidos, caendo a suma da contratación naval, incluíndo a militar e a civil, un 97 % en Europa, un 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea. Por outra banda, cando



cambiou o Goberno do Estado en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, coa particularidade de que sendo unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital, a razón de 200 millóns de euros por ano de media, e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. En decembro de 2018, para actuar fronte a esta situación de quebra na que o anterior Goberno deixou a Navantia, o actual Goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual e todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia consonte ao art. 30 do Estatuto de autonomía, aínda que non fosen exercidas nos últimos 12 anos. Os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade para compensar os efectos económicos da pandemia ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que a Xunta de Galicia deseñe e desenvolva un plan de promoción e reactivación económica das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

- a) A diagnose das posibilidades e oportunidades de investimento nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal en sintonía co tecido empresarial, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e estatal e a sociedade civil.
- b) A presentación de proxectos radicados nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para optar aos fondos *Next Generation*.

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 11/03/2021 17:21:53

Martín Seco García na data 11/03/2021 17:22:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 11/03/2021 17:22:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/03/2021 17:22:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 17:22:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida nos documentos con números de rexistro 4759 e 4760.

Na parte resolutiva das iniciativas, onde di: “... a presentar no primeiro trimestre de 2021 ...”, debe dicir: “... a presentar antes de que remate o actual período de sesións ...”

Pazo do Parlamento, 11 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/03/2021 11:34:01


María Isaura Abelairas Rodríguez na data 11/03/2021 11:34:15

Julio Torrado Quintela na data 11/03/2021 11:34:26

Marina Ortega Otero na data 11/03/2021 11:34:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 11:34:49





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

